

foz

O Concello adxudicou varias obras de humanización en diferentes rúas da vila. **Pax. 6**

viveiro

O Goberno local segue a solicitar a cesión de uso da parcela do Casino. **Pax. 9**

burela

Comezaron a pintarse 7 sumidoiros dentro da campaña O mar comeza aquí. **Pax. 11**

cervo

O obxectivo de semipeonalizar o núcleo urbano xa está un pouco máis preto. **Pax. 14**

trabada

O Pleno aprobou o orzamento, no que destaca a partida dos investimentos reais. **Pax. 22**

A comarca prepara as actividades de Nadal



A veciñanza pide unha solución

As queixas pola falta de atención pediátrica na Mariña seguen a incrementarse. **Pax. 3**

O parque de ocio e deportivo máis completo

A principios do vindeiro ano, previsiblemente, comezarán en Xove as obras. **Pax. 23**

A Deputación formou a 760 empregados

Dirixido a persoal da administración pública, foi clausurado coa entrega de diplomas. **Pax. 27**

Resurrection Fest



Slipknot, Pantera e Ghost son os cabezas de cartel do 2023. **Pax. 9**

Mostra no Castelo



Inaugurouse en Alfoz unha mostra sobre Pardo de Cela. **Pax. 18**

Osa do Mar



O festival de Burela confirmou a súa celebración para o ano 2023. **Pax. 10**

DEIXA QUE O MEGA NADAL TE ENVOLVA



+30 GB EXTRA/mes
GRATIS durante 4 meses

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50+30 GB extra

19€/mes +
44€/mes
ATÉ O VERÁN!

Tarxeta agasallo

30€

MediaMarkt

adamo

A mega fibra

Chama gratis ao
900 651 679

Visítanos en
adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 01/12/2022 e 03/01/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil limitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 6 meses, 19€/mes, despois 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de liña incluídos. Ademais, leva unha tarxeta agasallo de Media Markt con 30€ de valor. A tarxeta emírase mediante correo electrónico despois da segunda factura pagada. Tarxetas dispoñibles até fin de existencias (cantidades limitadas). Promoción suxeita a permanencia con servizo Adamo de 12 meses. Cota de activación de 13,10€ (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se desce de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. LÍMITOS ADICIONAIS LIMITADOS A UN MÁXIMO DE 4 POR CLIENTE. Se contratas desde 01/12/2022 ao 03/01/2023, leva 30 GB extra durante 4 meses (meses de contratación + 3 meses seguintes). Non existe ningunha vinculación entre ADAMO TELECOM BURELA S.A.U e Media Markt S.A. ou o adiante "Media Markt", o uso da marca de Media Markt utilízase con carácter emulativo para describir as características da oferta e as vantaxes de contratar a tarifa seleccionada polo novo cliente.

A MARIÑA

O BNG lamántase do desmantelamento industrial da Mariña



Segundo indicou o BNG “o peche de Albo en Celeiro é o último episodio do progresivo desmantelamento ao que as erradas políticas da Xunta e tamén do Estado someten a esta comarca convertíndoa nun deserto industrial. Nun contexto xa nefasto para A Mariña chega o fatal desenlace para a conserveira de Albo en Celeiro, que operaba alí desde 1924, localidade na que chegou a haber ata 12 fábricas de conserva”.

Neste caso, evidenciouse unha vez máis “a total despreocupación” do Partido Popular polos problemas da Mariña, afirmou o deputado Daniel Castro, que no seu día levou ao Parlamento a situación da factoría de Celeiro e das súas traballadoras, instando á Xunta a facer os trámites necesarios para que os postos de traballo se mantiveran en Celeiro.

Castro afirmou tamén que “xa advertimos cando se tratou a nosa iniciativa no Parlamento do nulo compromiso do PP coa comarca e coas traballadoras de Albo, coas que o presidente da Xunta non se dignou a reunirse e ningún deputado mariño do PP quixo intervir no debate da iniciativa, co cal queda claro que quen cala, otorga”.

O deputado mariño afirmou tamén que o PP nesta comarca non está nin se lle espera, “pois desde o BNG levamos anos insistindo na necesidade dun plan de industrialización e emprego para A Mariña, pero está claro que eso non está dentro das súas prioridades” Tal como apuntaban tamén as propias traballadoras, as infraestruturas e comunicacións na comarca condicionan a implantación de novas empresas, e a marcha doutra.

Adega critica a Alcoa polo uso de fuel para producir alúmina

Adega vén de informar que a multinacional americana Alcoa “quere voltar a usar fuel para a produción de alúmina ante o elevado prezo do gas e pide á Xunta superar os límites de emisións de contaminantes, particularmente óxidos de xofre e nitróxeno, fixados na última Autorización Ambiental Integrada (AAI)”.

Logo de que en 2015 a empresa substituíra o fuel por gas natural no seu proceso produtivo, particularmente nos fornos de calcinación para a produción de alúmina, “agora solicita unha modificación substancial da AAI porque as tensións comerciais e regulatorias que existen hoxe no mercado nacional e internacional de gas natural ... con prezos en máximos históricos están a afectar moi significativamente ao custo da produción de Alúmina Española e provocando perdas millonarias”. Cómpre lembrar que a substitución por parte de Alcoa en 2015 do fuel,



“un combustible moi contaminante polas súas elevadas emisións de óxidos de xofre (SO₂) e nitróxeno (NO_x) non foi unha concesión da empresa no seu firme compromiso coa sustentabilidade e a búsqueda da mellora continua” como din na súa solicitude, senón unha obriga imposta pola Directiva 2010/75/UE sobre Emisións Industriais, concretada da Lei 5/2013 e no RD 815/2013 que

regulamenta as emisións industriais. Estas normas establecían límites moito máis estritos para a emisión de contaminantes, particularmente óxidos de xofre (SO₂) e nitróxeno (NO_x), nos procesos industriais de xeración de calor e electricidade con combustíbeis fósiles, polo que tanto ALCOA como moitas outras empresas que queimaban carbón ou fuel, tiveron que pasarse ao gas.

A UNED incrementa estudantes

A directora da UNED de Lugo deu conta do crecemento do número de matriculados, presentando un dos mellores datos do Campus Noroeste. Así mesmo, a directora presentou os resultados dunha investigación do retorno social SROI (Social Returns on Investment) do Centro, levada a cabo polo catedrático José María Labeaga e polo profesor Rodrigo Martín, que conclúe que o Centro de Lugo xerou un retorno social de 6,41

euros por cada euro invertido no seu funcionamento.

Deu conta do Proxecto #UNEDLife, con máis de 700 inscritos, e que promove o deporte como medio para unha vida máis saudable. Asemade, tratouse a redución dun 28% da pegada de carbono do centro na súa ratio por estudante e as medidas que se adoptarán para aproximarse á neutralidade de carbono.

A directora anunciou que este mes-

recollerá de mans do reitor, Ricardo Mairal, o premio nacional á mellor boa práctica posta en marcha por un centro da UNED, que acadou por terceiro ano consecutivo, co seu Proxecto #PlanetaODS.

No capítulo de aprobacións cabe destacar o plan docente, o plan de calidade e a programación de extensión universitaria que propón case un cento de actividades, no que hai máis de 7000 inscricións.

OS NÓS MELLORES DESEXOS PARA ESTE NADAL

Concello de A Pontenova

A atención pediátrica mariñá pide unha solución urxente

As queixas pola falta de atención pediátrica na Mariña seguen a incrementarse e dende colectivos como a Plataforma Sanitaria ou os pais da comarca, consideran que “o servizo é deficiente nos centros de saúde” e piden “unha solución urxente ás carencias na atención primaria”.

Montse Porteiro, voceira da Plataforma Sanitaria da Mariña, comenta que “no servizo de pediatría da comarca existen polo de agora dous puntos críticos, e son Viveiro e Burela”.

As palabras verquidas recentemente pola xerente do Sergas advertindo que “temos que acostumar a que non haxa pediatras nos centros de saúde son absolutamente escandalosas e confirman o que vimos advertindo desde este colectivo en relación ao desmantelamento da sanidade pública, incidindo de xeito máis virulento sobre a atención primaria, xa que esta é a base do sistema sanitario; o desmantelamento deste nivel asistencial fará que a atención hospitalaria caia coma un castelo de naipes”, conclúen desde o colectivo.

No centro de saúde de Viveiro ten que haber dous pediatras para algo máis de 1600 nenos que conviven neste municipio e “nestes momentos non hai ningún, porque hai un collendo vacacións que lle corresponde e a outra profesional está de baixa”, din dende a Plataforma. Ademais este médico ten que atender tamén aos cativos de Oural e O Vicedo.

Segundo comentan algúns pais “as citas médicas tardan moito” polo que están derivando a eses nenos ao servizo de urxencias ou aos diferentes médicos de familia do propio centro “pero estes profesionais

están ao borde do caos”, de feito así pasou no centro de saúde viveirense esta primeira semana de decembro.

En Viveiro hai catro médicos de familia en quenda de mañá de sete profesionais que tería que haber, “teñen unhas axendas desbordadas, pois todo o que pase de 35 pacientes por día e inasumible e nalgún día tiveron 85”.

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, considera “inaceptables” os problemas que desde hai tempo existen neste servizo e “non falamos dun problema puntual, levamos moito tempo así, con tempadas nas que só hai un pediatra”, lembra Loureiro, que lamenta que “a única alternativa sexa que as familias teñan que ir ata Burela, onde tamén teñen os seus problemas e prodúcese un colapso”.

“Ademais, non é só pediatría, no centro de saúde de Viveiro hai días nos que só hai dous ou tres médicos dispoñibles para unha poboación de 15.000 persoas”, afirma.

No tocante a Burela hai dous pediatras e un deles está de baixa e o outro profesional médico vén catro horas ao día e tres días á semana. “Polo que atende a 1.500 nenos en 12 horas á semana”, di Porteiro. Segundo a voceira socialista, Patricia Otero, “estes nenos correspondentes a este centro son atendidos por unha soa pediatra, que ten que darlle asistencia tamén ao cupo que lle correspondía á súa compañeira”.

Otero acusou ao Sergas de “cargar sobre os lombos duns profesionais excepcionais a súa penosa e chapeceira política de persoal”, preferindo “machacar” ás pediatras impondo “condicións inhumanas

e abusivas” que poñen en risco a calidade do servizo para os nenos e nenas.

Existe outro punto problemático na comarca, o triángulo Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo, os cales comparten pediatra. Así os luns, mércores e xoves o facultativo está en Mondoñedo e Barreiros durante tres horas en cada centro, e os martes todo o día en Lourenzá e venres todo o día en Mondoñedo. O problema é que “cando falta esa pediatra a maioría das veces quedan sen el porque non se cubre esa praza”, din.

Se falamos de Foz, que non conta nin con matrona, tan só hai un pediatra que dende hai anos conta cunha redución de xornada por conciliación familiar “e nunca se chegou a cubrir ou engadir outro profesional”. Ademais de atender aos nenos fozegos ten que cubrir aos 300 do Valadouro e Alfoz, que non contan con este servizo.

“Que estes dous concellos contan con servizo de pediatría é unha demanda histórica pola nosa parte, polos veciños e os políticos”, din dende o colectivo.

Segundo o colectivo estas prazas non se cobren “pois dende o Sergas din que non hai pediatras, pero isto sabíase xa hai 13 anos cando xa se vía que os que había íanse xubilar”, din, “pero cremos que todo se debe ao éxodo dos nosos médicos e profesionais pois son un colectivo maltratado”.

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, dixo que o Goberno galego “vai a seguir forzando a marcha do talento galego, xa que os mozos e mozas formados non queren traballar nesas condicións e non se fai ningunha medida para reter aos MIR que se



forman cos cartos dos galegos”, polo que esta situación é para el un claro “fracaso como país”.

SINATURAS. O Concello de Viveiro da un paso máis na súa reivindicación de melloras no servizo de Pediatría do municipio. Dende hoxe habilita unha mesa informativa na que se recollerán sinaturas para reclamar solucións a unha situación

que pon en risco un servizo básico e esencial.

Os afectados poderán cubrir nestas mesas informativas os formularios de reclamación ao Sergas, poñendo así en evidencia a necesidade de que se cubran os postos de pediatra indispensables para dar cobertura aos 1.600 nenos e nenas dos concellos de Viveiro, Oural e Vicedo.

Lleva la Navidad a tu hogar

almayo
muebles

RIBADEO: Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 / Tel.: 636 761 883
BARREIROS: Pol. Ind. Cruz do Lobo - Nave 10 / Tels.: 982 585 709 / 652 110 377
BURELA: C/ Curros Enríquez, 12 / Tel.: 660 402 954

O 25N deixou numerosas imaxes nos diferentes concellos da comarca



MENÚ DIARIO
MENÚS ESPECIALES
PESCADOS

¡Celebra tus reuniones navideñas con nosotros!

Plaza Conde Fontão, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

A Mariña e Ferrolterra reuníronse para impulsar o Camiño do Mar

O presidente da Mancomunidade de Concellos da Mariña e alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o presidente da Mancomunidade de Concellos de Ferrolterra e alcalde de Ferrol, Ángel Mato, mantiveron unha reunión no Concello ferrolán para impulsar o Camiño do Mar.

Na xuntanza, na que tamén participaron o concelleiro de Turismo de Foz e o cronista oficial e técnicos de ambas Mancomunidades, o ente da Mariña expuxo os avances que se están a facer para a definición, sinalización e posta en valor dunha vía de peregrinación que está documentada historicamente e oficializada pola igrexa.

Fran Cajoto sinalou que “agora mesmo podemos selar a nosa credencial de peregrinos en puntos como a Basílica de San Martiño en Foz. O Camiño do Mar, que se separa en Ribadeo do Camiño Norte e se incorpora en Neda ao Camiño Inglés, ten ademais un gran valor pa-



trimonial e paisaxístico. Só na nosa comarca a Basílica de San Martiño, a Catedral máis antiga de España, ou a propia cidade de Viveiro, constitúen reclamos por si mesmos. Un diverso patrimonio etnográfico e unhas impresionantes panorámicas da costa desde a ruta son elementos diferenciais”.

O historiador e cronista focego, Xoan Ramón Fdez Pacios, destacou a ruta como a “dos dous Apóstolos” en referencia a Santiago e a San Andrés de Teixido, en Cedeira, un atractivo

fundamental que non dispón de ningún outro camiño.

O alcalde de Ferrol confirmou a aposta de Ferrolterra por este proxecto que vai servir de nexo de unión do norte galego. O proxecto de posta en valor do Camiño do Mar está liderado pola Mancomunidade de Concellos da Mariña con cargo ao Plan de Sostibilidade Turística. As Mancomunidades da Mariña e Ferrolterra xa colaboran en proxectos conxuntos como o do Turismo Slow Norte de Galicia.

A subdelegada avanza os proxectos previstos

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, mantivo unha reunión co xefe provincial do Servizo de Costas, José Miguel Estevan, no que trataron os proxectos previstos.

Entre as principais actuacións que abordaron destacan o proxecto de obtención de espazos para uso público e execución do sendeiro peonil entre as prais de Peizás e A Pampillosa. Trátase da creación de un sendeiro peonil entre as dúas prais nuns terreos que xa foran expropiados con este fin. O Goberno sacou a licitación esta actuación por un orzamento de 1 millón de euros. Este permitirá o peche definitivo do paseo xa existente pola costa, entre a praia dos Fondás, na ría de Foz, e o interior da de Ouro. Do mesmo xeito, en Foz teñen previsto investir 400.000 euros para melloras na praia de Llás. Ademais, está traballando actualmente en traballos de conservación e mantemento na praia de Pampillosa.

Durante o encontro, Rodríguez e Esteban tamén trataron o proxecto de novas melloras na praia de Arealonga en San Miguel de Rei-

nante, no Concello de Barreiros. Estas obras, que están en licitación cun orzamento de 552.000€, consistirán na recuperación do ecosistema da praia de Arealonga. Para iso está prevista a demolición de estruturas e pavimentos no sistema dunar, a erradicación de especies invasoras que supoñen unha importante ameaza. Melloraranse os acceso e completaranse coa adaptación do edificio de servizos existente para persoas con mobilidade reducida.

No Vicedo, a Subdelegada lembrou que Costas recuperará a servidume de tránsito entre Os Castelos e a praia de Fomento e a execución dun sendeiro litoral. Ademais da creación do sendeiro peonil, esta actuación inclúe a recuperación da antiga fábrica de salazón existente no contorno. Este proxecto ten un orzamento aproximado de 400.000 euros e está en fase de expropiación dos terreos por parte do Concello. Ditos traballos, ao longo duns 400 metros, permitirán rematar a conexión peonil pola costa entre a praia de Fomento e Arealonga.

Premio para Saúde Mental A Mariña

Entregáronse os Premios Economía Azul, uns galardóns que pretenden recoñecer o labor de catro proxectos sustentables dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Os catro gañadores nesta edición -froito dos preto de 4.500 votos rexistrados- son unha pequena mostra da aposta constante destes grupos polo mundo do mar en todas as súas vertentes, desde as actividades vencelladas coa extracción e a valorización dos produtos do mar ata a difusión e protección dos sinais de identidade das localidades pesqueiras e costeiras da comunidade.



Na categoría de Diversificación resultou premiada a acción Creación da aula do mar A Mariña, posta en

marcha pola Asociación de Saúde Mental da Mariña baixo o paraguas do GALP A Mariña-Ortegal.

EN BREVE

TERRAS DE MIRANDA. Dende o GDR Terras de Miranda animan a participar no deseño da elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local para o período 2023- 2027. Para participar tan só haberá que cubrir o formulario, de forma totalmente anónima. Tamén estará colgado na páxina web do GDR www.terrasdemiranda.org.

PRAIAS. O Servizo Provincial de Cos-

tas abre o prazo de presentación de solicitudes para instalacións de tempada nas prais, como a explotación de servizos, establecementos expendedores de comida e bebida, hamacas, antucas ou patíns.

PALABRA DO ANO. A Fundación Barrié abren un ano máis á participación cidadá a escolla da voz dos últimos doce meses a través do Portal das Palabras. Abriuse o martes a votación popular que se poderá facer ata o domingo 25.



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
CAPITULACIONES PATRIMONIALES
PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📱 [veiguelabogados](#) 📺 [veiguela abogados](#)

EN BREVE

TORQUES DE MARZÁN. A asociación de veciños Torques de Marzán organiza para o 18 de decembro a súa asemblea xeral ordinaria. Nesta xornada, que se celebrará un domingo, comezará ás 11.00 horas en primeira convocatoria e ás 11.30 en segunda. Na asemblea farase a lectura e aprobación da acta anterior, falarase do estado actual das contas, as actividades realizadas, e as altas e baixas ou modificacións das candidaturas da Xunta directiva. Tamén haberá que pagar as cuotas de socios mediante ingreso ou transferencia á asociación. Para facelo in situ será a partir do luns 12 e ata o venres 16 de 16.00 a 18.00 horas no local social.

SENDEIROS. O Club de Montañismo Os Sendeiros de Foz colocarán o seu tradicional Belén de cumes o vindeiro domingo 18 de decembro no Castelo, Ferreira. As saídas deste ano serán ás 9.30 horas en Belianorte, Foz e ás 9.45 no Matadero en Ferreira. É unha actividade gratuíta pero é necesario anotarse antes do venres 16 de decembro e para facelo haberá que chamar ao teléfonos 606 718 482 ou 670 369 017 ou para solicitar máis información.

O Concello adxudicou varias obras de humanización da zona urbana

O Goberno local de Foz vén de adxudicar as obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia á empresa Construcciones y Canalizaciones José Saa SL por 752.519,34 euros (IVE incluído). A licitación da obra, feita polo procedemento de contrato aberto, está financiada en 544.000 euros pola Deputación de Lugo, aportando o Concello os máis de 200.000 euros restantes.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, indica que a empresa adxudicataria ofertou as melloras que incluía o prego de licitación. "A obra principal consiste na humanización completa do eixo entre a Glorieta de Vilalba e o Campo da Cabana, o que coñecemos pola calle das Casas Baratas e os viais que rodean a Praza de Galicia. Vanse ampliar as beirarrúas facéndoo accesibles, novos colectores de saneamento con rede separativa de pluviais e fecais, novas conducións de electricidade, abastecemento e outros servizos, un novo firme para



todas as rúas e a disposición de mobiliario urbano, ademais da mellora das farolas existentes dispoñendo luminarias led cun menor consumo e unha mellor calidade lumínica".

O rexedor destaca que supoñen unha mellora moi notable do proxecto construtivo inicial: "o conxunto das melloras supoñen un investimento adicional de 86.295,85 euros. Este orzamento correspóndese coa substitución das cinco farolas que cirdundan a Praza de Galicia, retirán-

doas das fachadas e dispoñendo novas luminarias led sobre báculos, o cal non estaba contemplado. Tamén se vai urbanizar completamente de novo a rúa do Xico e unha pequena travesía na rúa Irmandiños, o cal non estaba contemplado no proxecto construtivo. A maiores imos retirar o panel informativo da glorieta de Vilalba, obsoleto e en desuso, substituíndoo por un tótem publicitario tradicional para mellorar a información a veciñas e veciños de Foz".

A exposición 'O noso planeta' chega en decembro ao Cinema

Afundación e Abanca asinaron un convenio de colaboración co Concello de Foz para a realización da exposición *O noso planeta*, que está situada no Cinema. Pódese visitar en horario de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ata o 5 de xaneiro.

O noso planeta, reflexo do compromiso de Afundación coa sostibilidade e a protección do medio ambiente, está baseada na recoñecida serie homónima producida por Netflix e que bateu todos os récords de audiencia da súa programación.

A proposta da Obra Social de Abanca consiste en presentar unha exposición cuxa visita se concibe como unha actividade para todos os públicos, na cal a diversidade de formatos e a aprendizaxe son partes fundamentais. Así, a mostra conta nas súas diferentes seccións con elementos sorprendentes, como a curtametraxe animada *Lemon*, producida pola Fundación Raíña Sofía e un audiovisual titulado *Que podo facer eu?* no que se aborda o coidado e o respecto polo ecosistema como unha tarefa tanto individual como colectiva.

Un Premio da Crítica de Galicia foi para a voz de Ugía Pedreira

No decurso dun acto na sede de Afundación de Vigo deuse a coñecer o ditame da XLVª edición dos Premios da Crítica de Galicia nas distintas modalidades, con representación focense.

O xurado, formado por Alejo Amoe-do, pianista e investigador, gañador da edición anterior; Bea Camiña, comunicadora cultural; Juan Durán, compositor; Najla Shami, cantante e compositora; Arturo Vaquero, produtor, responsable de Abri-gueiro Estudios; Woyza, cantora e

compositora e Claudia Morán, xornalista, secretaria, acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Orquestra Vigo 430; Ugía Pedreira e Isabel Samartim.

Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar por unanimidade o premio a Ugía Pedreira.

O xurado salientou de Ugía Pedreira a súa traxectoria creativa, interpretativa e formativa como cantora de raíz mariñán que desenvolveu un proxecto artístico alternativo vencellado coa propia terra.

A Deputación provincial apoiou o financiamento das catas arqueolóxicas

A Deputación financiou as catas arqueolóxicas que se desenvolveron en Carreiro-Marzán. As sondaxes, promovidas polo Concello de Foz a través da Concellería de Patrimonio, Medio Ambiente, Medio Rural e do Mar, deron continuidade ás prospeccións que se levaron a cabo durante os anos 2020 e 2021 noutros puntos da rasa costeira entre A Rapadoira e Llas, onde se localizaron estruturas murais e material cerámico que denotan a existencia dun asentamento entre o século I e II d.C. As catas programáronse co obxectivo



de seguir avanzando na documentación e contextualización do xacemento, recabando información nunha zona especialmente vulnerable ao deterioro provocado polos temporais e á acción erosiva do mar.

Nas intervencións, dirixidas polo arqueólogo Roberto Bartolomé, acháronse restos de cerámicos feitos a man, que inciden na ocupación da zona nos primeiros séculos da nosa era e que contribúen a delimitar as zonas de futuras prospeccións.

Na Deputación sinalaron a necesidade de seguir co estudo do xacemento para obter a maior información posible antes dun deterioro irreversible e destacaron o interese que a arqueoloxía e a xestión do patrimonio teñen como elemento de dinamización e ferramenta educativa.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegaloil

¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE MINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

¡20 CÉNTIMOS DE BONIFICACIÓN + 5 CÉNTIMOS CON EL CARNÉ DE MINISTROS!



Aprobado un orzamento de 9,7 millóns de euros para 2023

O Pleno aprobou o orzamento, que ascende a 9.768.359,77 euros, incrementándose con respecto a exercicios anteriores en máis dun 10 por cento. Focaliza as súas inversións na área social, en servizos municipais primarios, así como en obras moi necesarias para a mellora de Foz.

A concelleira de Facenda, Inés López Couto, explica que “as partidas de gastos correntes incrementáronse para a administración: as importantes subas da enerxía, os carburantes ou calquera tipo de servizo esencial fan necesario aumentar as dotacións destas para facer fronte aos recursos para a prestación destes servizos. No capítulo de ingresos vaise revisar que se cumpran as ordenanzas existentes xa que é moi importante que un pobo en crecemento coma Foz medre de forma ordenada e que se cumpra os regulamentos que ten en vigor, para unha convivencia cómoda para todos os cidadáns”.

Inés López Couto engade que “é necesario que se incrementen as do-

tacións de recursos tanto por parte do Estado como da comunidade autónoma, xa que absorben a maioría deles sen ter en conta as competencias municipais, que se incrementan cada día. Vemos como exemplo máis flagrante o Servizo de Axuda no Fogar, que, na súa modalidade de dependencia, axuda a moitos fogares en situacións de necesidade vital. Nos servizos sociais é unha loita continua que a comunidade autónoma se faga cargo das súas competencias. Mentres os concellos seguen encargándose de poñer os recursos que non aportan dende a Xunta. Outro exemplo claro é o copago que o Concello realiza por cada praza das escolas infantís Galiña Azul”.

O capítulo de gastos correntes ascende á 5.390.152,10 euros, sendo os investimentos reais de 335.510,38 euros. O alcalde, Fran Cajoto, detalla que “estes investimentos inclúen a adquisición de nova maquinaria para os servizos de obras e xardinería, como é un tractor para o desbro-

ce de camiños veciñais, así como os fondos propios a executar no Plan Único do vindeiro exercicio, a anualidade 2024 da obra de humanización da Rúa Irmandiños, fondos para mantemento de vias en parroquias e algunhas melloras para o servizo de biblioteca e a escola de música. Gustaríanos investir moito máis, pero debemos axustarnos aos recursos. Mais seguiremos solicitando cantas subvencións e axudas poidamos para continuar mellorando Foz e que siga crecendo, para o cal realizaremos as modificacións que se requiran se é necesario.”

PARTIDO POPULAR. O portavoz popular, Javier Castiñeira, indica que “unha vez máis temos que denunciar a incompetencia e a falta de xestión dun equipo de goberno que é o máis amplo e o máis caro que xamais tivo o Concello de Foz; neste caso demostra unha vez máis a súa incompetencia á hora de xestionar as contas municipais”.

O Goberno central pon en valor a recuperación da praia da Pampillosa

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, supervisou os traballos de conservación e mantemento que está a realizar o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico na praia da Pampillosa, na parroquia de Fazouro. Acompañada do alcalde de Foz, Francisco Cajoto, e do xefe provincial do Servizo de Costas, José Miguel Estevan, informou que estas obras contan cun investimento de 80.000 euros e teñen como obxectivo recuperar o sistema dunar desta praia da Mariña.

Os traballos consisten na demolición de aproximadamente 2.000m² dos pavimentos de formigón e a renovación da pasarela de madeira por unha nova que conectará o acceso á praia coa senda existente.



Ademais, as obras complétanse coa plantación de especies dunares autóctonas e a instalación de sinalización e paneis divulgativos. Ditos traballos prevese que estean rematados a principios do 2023.

Paneis informativos nos roteiros

Instalaron diante do Cinema tres paneis informativos relativos ás rutas de sendeirismo que hai no municipio. Trátase de tres tótems a dobre cara realizados en aceiro corten nos que recolleemos toda a información necesaria sobre as rutas de sendeirismo. Cada ruta aparece cun color que a identifica e cun mapa intuitivo e fácil de interpretar, relaciónanse os recursos turísticos ao longo da ruta e inclúe a información técnica.



A Deputación colabora na roza de parcelas no polígono

A área de Medio Rural, Medio Ambiente e Patrimonio do Concello desenvolveu traballos de roza no polígono industrial de Fazouro, coa colaboración da Deputación de Lugo. As actuacións centráranse en tres parcelas de titularidade municipal, situadas á beira dunha estrada e con parte da superficie en pendente, que requiriu o uso de maquinaria especializada. O tenente alcalde de Foz, Francisco Xavier Fanego, agradeceu a colaboración de Medio Rural da Deputación de Lugo “para financiar a contratación dos traballos que se desenvolveron ao longo desta sema-

na e cos que damos continuidade as actuacións de roza que vimos realizando noutros puntos do concello” Dende a Deputación sinalan “que con esta actuación ampliamos a colaboración que mantemos co Concello de Foz, con outras intervencións como a adecuación dos aparcadoiros de Nois e Pico do Castro, que se habilitaron recentemente” e valorou o esforzo da área de Medio Rural do Concello para atender do mellor xeito posible os deberes de conservación e de coidado dos espazos públicos que temos as administracións públicas”.



Irene Rega Jul gaña o IV Premio de Novela Vilar Ponte



Foi entregado o IV Premio de Novela Vilar Ponte, nun acto no Teatro Pastor Díaz e que contou coa presenza do escritor Suso de Toro ademais das autoridades.

A gañadora desta edición é Irene Rega Jul, coa súa obra *Tecendo Redes*, e a novela finalista foi *As cartas do desarraigo*, de Francisco Vidal Blanco.

Nesta cita tamén se recoñeceu a Francisco Antonio Vidal Blanco, coa súa obra *As cartas do desarraigo*.

O Premio de Novela Vilar Ponte, que cumpre este ano a súa cuarta edición, naceu coa finalidade de lembrar aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e, asemade, apoiar e difundir a literatura en lingua galega.

“Parabéns aos dous escritores premiados neste certame, que gaña recoñecemento e consolidación cada ano. Un certame que impulsa sen dúbidas a creación literaria na nosa lingua”, afirma a alcaldesa, María Loureiro.

Deputación e Concello cumpriron coas obrigas no plan da Xunqueira

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, participou xunto coa alcaldesa, María Loureiro, na reunión da comisión de seguimento do convenio de colaboración asinado pola institución provincial, o Concello e Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas, para financiar a redacción do proxecto técnico que servirá de base para o acondicionamento do río Fontecoba, no barrio de Xunqueira, co fin de reducir os riscos de inundacións.

No encontro, a deputada e a rexedora ratificaron o compromiso total da Deputación e a entidade local co proxecto. De feito, ambas entidades cumpriron coas obrigas económicas que lles corresponden no marco do convenio, que ascenden a un total de 23.000€ por cada administración. Ao mesmo tempo, García Porto e Loureiro expresaron a súa preocupación polo retraso de tres anos que acumula a Administración autonómica na redacción e aprobación do



proxecto. Desta forma, unha vez firmado o acordo en xullo do ano 2020, a Consellería de Infraestruturas non formalizou o contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo ata case un ano despois, o 10 de xuño de 2021, e logo solicitou varias ampliacións de prazo.

Na reunión, Augas de Galicia pediu unha nova prórroga de seis meses, que a Deputación e o Concello decidiron conceder, “poñendo por riba de todo os dereitos e os intereses” dos veciños e veciñas. “Agardamos que sexa a última e que antes de

que remate o prazo máximo, de 6 meses contados a partir do día 31 de decembro, o proxecto, que segundo nos dixeron hoxe atópase en fase de revisión, estea listo”.

O proxecto contemplará un conxunto de actuacións que pasan, entre outras, polo aumento e naturalización do leito do río, construción dunha pasarela de acceso alternativa, reforzar as cimentacións que foron danadas, ampliación das dúas pontes, fonte, eliminación de edificios e ruínas pegadas ao leito do río e reubicación do lavadoiro.

Retómanse os cursos de natación

Retómanse os cursos de natación de adultos e as actividades dirixidas que se estaban impartindo na piscina municipal de Viveiro. As actividades foran suspendidas durante aproximadamente 1 mes debido á imposibilidade de cubrir todos os cursos cos monitores dispoñibles, dado que, por unha circunstancia puntual, o cadro de persoal da piscina non está completo ao 100%. Concretamente retómanse os cursos de iniciación e medio de natación de adultos, a ximnasia de mantemento e a natación de bebés.

Co obxectivo de evitar a suspensión das actividades, o Concello de Viveiro realizou un chamamento na bolsa de emprego.

Vanse realizar obras no vial e saneamentos das Pallaregas

Vanse realizar diferentes obras de mellora nas Pallaregas, uns traballos incluídos dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación.

As melloras consistirán na reposición do firme do vial denominado pista Ponte Feve-Casería, así como parte do ramal do vial pista Vilar de Abaixo-O Rego, que dá acceso ás vivendas de Porta Leira, na parroquia de Covas.

Este proxecto, que conta cun orzamento de 129.882,11 €, tamén inclúe a substitución da rede de abastecemento de auga na parte do vial principal, debido ao seu deterioro. Dotarase de formi-

gón nas zonas onde existen máis edificacións para garantir unha correcta circulación das augas pluviais e farase unha sinalización vial, tanto horizontal como vertical.

O expediente para proceder á contratación destas obras nas Pallaregas, tal e como se lle explicou dende o Concello de Viveiro aos veciños das Pallaregas, atópase en tramitación e, polo tanto, non se comprenden as declaracións da voceira do BNG.

ESCOLA INFANTIL. Remataron as obras de mellora da eficiencia enerxética da Escola de Educación Infantil



San Roque, nas que o Goberno galego investiu 302.380 euros.

A actuación incluíu a substitución das carpinterías exteriores por outras de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos, de seguridade e con cámara de aire intermedia. Tamén cambiouse unha parte da cuberta e fíxose a renova-

ción dos canlóns e baixantes do edificio. Ademais, no interior mudáronse as luminarias por outras tipo LED de menor consumo.

A intervención completouse coa instalación de falsos teitos nas aulas, a reforma de aseos e o pintado dos paramentos que se viron afectados pola colocación das novas carpinterías.



Rematada a restauración dos retablos da Porta de Carlos V e da Vila



Remataron as labores de restauración do retablo da Porta da Vila, no que tamén se reformaron as imaxes de San Xoán, da Virxe María e do Cristo do Amparo, así coma a hornacina que os alberga.

O retablo orixinal data de 1930 e foi construído polo compostelano afinchado en Viveiro José Otero Corrita. O proceso comezou hai un mes e medio a cargo dos expertos Ana Sánchez Calzada e Luís Enrique Rodríguez Arias. As reformas do retablo incluíron unha limpeza exhaustiva, seguida por un saneado das madeiras en mal estado e a reparación de desperfectos.

A hornacina foi pulida de óxidos e reparada nas zonas máis deteriora-

das. Fíxose o mesmo cos dous candelabros e os farolillos. As imaxes recibiron unha nova capa de pintura respectuosa coa capa orixinal subxacente. Reparáronse tamén os desperfectos das figuras, especialmente no caso do Cristo do Amparo.

O balance das reformas é moi positivo. Dende o Concello de Viveiro agrádecese o traballo dos especialistas e as labores de reforma centraranse agora na Porta de Carlos V, para proceder á restauración e saneamento, tanto da figura de San Roque, como do retablo en si", asegura Jesús Fernández, tenente de alcalde do Concello de Viveiro.

O Concello segue a solicitar a cesión de uso da parcela do Casino



O Concello de Viveiro realiza desde hai máis de sete anos xestións de forma continua para conseguir a cesión de uso definitivo da parcela do Casino, da que é titular Portos de Galicia.

O tema foi varias veces a Pleno e de feito, a primeira proposta de cesión aprobouse por unanimidade nunha sesión plenaria celebrada no 2015. O Concello quixo restablecer en reiteradas ocasións as pistas deportivas e integrar a instalación no casco histórico de Viveiro, pero as súas demandas nunca foron atendidas ata agora por Portos de Galicia, un organismo da Xunta de Galicia.

A parcela está nunha zona de dominio público marítimo-terrestre,

polo que o Concello traballa tamén coa Demarcación de Costas para a súa reversión.

Para elo, a Xunta debe facilitar a reversión a Costas, xa que o espazo non ten ningún tipo de actividade portuaria, pero a única solución que ofrece Portos é unha cesión temporal ao Concello sen realizar antes ningún tipo de arranxo na parcela.

O Concello amosa a súa preocupación e engade que tamén pediu en reiteradas ocasións a cesión para uso municipal do aparcadoiro do peirao, pero só obtén tamén cesións por un tempo limitado por parte da Xunta e Galicia, o que impide o acondicionamento da zona.

Abre o belén Viveiro ante o berce e unha campaña solidaria

O Concello de Viveiro acendeu as luces de Nadal no municipio e abriu ao público o belén *Viveiro ante o berce* no atrio da Igrexa de Santa María.

O belén *Viveiro ante o berce* está considerado como un dos máis importantes de Galicia, tanto pola súa beleza e a dimensión das pezas que o compoñen, como pola extensión do conxunto do propio belén e por estar instalado nun enclave histórico-monumental único.

"Dende o Concello animamos a toda a veciñanza e aos visitantes a que se acheguen para disfrutar do ambiente de Nadal", subliña a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

SOLIDARIEDADE. O Concello puxo en marcha ata o venres día 23 a campaña de recollida solidaria de xoguets, material escolar e libros infantís e xuvenís. "A vila retoma neste Nadal unha tradición que busca axudar ás familias con menos recursos, co obxectivo de facer destas datas un momento de felicidade para os veciños e veciñas apelando á solidariedade e á xenerosidade de todos", afirma a alcaldesa, María Loureiro.

Os xoguets, material escolar e libros doados deberán ser novos, entregaranse no seu envoltorio orixinal e sen empacquetar. O punto de recollida será na (OMIX) polas mañás.

Primeiras confirmacións do Resu

A organización do Resurrection Fest deu a coñecer as primeiras bandas para o festival do ano 2023 que se celebrará en Celeiro do mércores 28 de xuño ao sábado 1 de xullo. Así, o grupo estadounidense Panterra, Slipknot e Ghost, son as principais cabezas de cartel.

A eles uniranse The Ghost Inside, The Baboon Show, Rise of the Northstar, Harm's Way, Slope, Corrosive, Architects, Born Of Osiris, Brothers Till We Die, Paledusk, Polar, Dead By April, Fever 333, Madball, Wargasm UK, Ghøstkid; Me Fritos

& The Gimme Cheetos, Oscuro Culto, Behemoth, Carpathian Forest, Belphegor, Nervosa, Baest, Dark Embrace, Black Flag, Desakato, Employed To Serve, Lion's Law, Escuela de Odio, Spiritworld, Mono, Coven, os berlineses Lucifer, 1000 Mods, The Inspector Cluzo e Konvent.

Únense a esta gran lista Motionless In White, Landmvrks, As Everything Unfolds, Megara, Deleiba, Lampr3a, Amenra, Alcest, Sylvaine, Sangre de Muérdago, Exsasens, Rosy Finch, Meshuggah, Amaranthe, Orbit Culture, Parasite Inc, Cemi-

can, Evil Impulse, Hatebreed, H2O, Brutus, Kublai Khan TX, Jesus Piece, Youcanthide, Papa Roach, Butcher Babies, Sleep Token, Nothing More, Attila, Morphium, Powerwolf, Lacuna Coil, Evile, Wind Rose, Imperial Triumphant, Diabulus In Musica, Alter Bridge, Perturbator, Blind Channel, Vended, Man With A Mission, Ktulu, Alter Bridge, Perturbator, Blind Channel, Vended, Man With A Mission, Ktulu, Kadavar, Hällas, DVNE, Steak, Florence Black, e Rodeo.

O PP pide renovar a beirarrúa entre A Xunqueira a Magazos

O PP reclama ao goberno local que execute canto antes o acordo plenario para renovar a beirarrúa esquerda entre Xunqueira e Magazos.

"Á vista de que o Concello parece incapaz de sacar adiante o proxecto para a renovación das redes de servizos e da beirarrúa dereita no tramo comprendido entre Xunqueira e Magazos", din dende o grupo municipal do PP, "propuxemos na máis recente sesión plenaria que o Concello asuma a renovación da beirarrúa esquerda en dito tramo". O portavoz

popular, Óscar Rodríguez, reclama do goberno local, presidido pola socialista María Loureiro, que adopte as medidas necesarias para executar a citada obra, para dar cumprimento ao acordo plenario.

"A incapacidade do Concello provocou no seu momento quedara fóra da aportación correspondente ao canon eólico, coa que quería financiar a construción da beirarrúa dereita no citado tramo e a renovación das redes de servizos. O asunto acabou en vía xudicial"



Xa hai data para o Osa do Mar 2023



O Festival Osa do Mar confirmou a súa celebración para o vindeiro 2023 e que será os días 1 e 2 de setembro. O deseño desta novena edición é obra de Héctor Manasé.

Así mesmo anunciaron que lanzaron á venda os packs de fidelización do Osa do Mar 2023 a un prezo moi especial na plataforma Wegow. Polo que ata o 15 de decembro pódense conseguir os packs Marosa (para as empresas colaboradoras) e logo na web, haberá distintos tipos de bonos, con entradas, camisetas e bolsas de tela. O día 15 de decembro anunciaranse as primeiras confirmacións e poñeranse á venda os bonos co prezo xa cambiado.

A antiga praza de Abastos acollerá o Rastro de Nadal

O sábado 17 e domingo 18 de decembro terá lugar na antiga praza de Abastos de Burela un novo Rastro de Nadal. Será en horario de 10.00 a 20.00 horas. Nesta cita participarán diversas asociacións locais sin ánimo de lucro.

Así mesmo, para acompañar e facer desfrutar aos asistentes Óscar Fedez & Leo Salinas ofrecerán un concerto acústico ás 18.00 horas.

Presentan a nova programación cultural para decembro e xaneiro

Burela acolle unha variada programación cultural para o mes de decembro e xaneiro e tamén para celebrar as festas de Nadal.

Así, ata o 30 de decembro poderase gozar na sala de arte da casa da cultura de *Creaturas*, exposición de acuarelas da pintora burelá Mercedes Maseda Pernas.

Unha mostra de variados motivos na que se pode atopar dende casas a animais pasando por retratos, como o de Frida Kahlo e Benedicta Sánchez ou paisaxes da zona. A autora inspírase principalmente na natureza e nas súas raíces ligadas a Galicia. Haberá sorpresas, photocall e ata un concurso para a xente que se achegue a vela.

O venres 18 ás 21.00 horas o grupo de teatro O Bordelo levará ao



auditorio a súa obra *O Covid do mariñán*.

O mércores 21 ás 20.00 horas será

o concerto da Escola de Música de Burela e o venres de 18.30 a 20.45 horas haberá pasarrúas da Charanga NBA e o xoves 29 ás 19.00 horas no auditorio será o musical infantil *La gran aventura de los Reyes Magos*.

Xa no mes de xaneiro o xoves 5 será o concerto de Rockvital na praza da Mariña ás 20.00 horas e o sábado 14 ás 20.30 horas David Catá presentará o seu disco *Origen*.

O sábado 7 ás 18.00 horas no auditorio de Burela CDG e Ainé producións representarán *Recortes, caneos e outras formas de canear*, un espectáculo protagonizado por Touriñán, Manuel Cortés, Isabel Garrido, Christian Escudeo, Xoán Fórneas e Segio Zearreta.

O BNG demanda atención á Marosa

O BNG demanda interese co campo da Marosa ó Goberno local así, “a semana pasada o Concello de Burela viuse obrigado a retirar parte do teito metálico da grada do campo de fútbol da Marosa, na que aínda está aberta ó público, por que estaba solto e existía risco de desprendemento”, di o voceiro do BNG Mario Pillado.

Segun relata Pillado “é certo que se procedeu á retirada do mesmo pero o Concello non asumiu ningunha responsabilidade con respecto ás consecuencias que ese feito tería para a SD Burela, posto que a metade da grada quedou ó aire libre. No partido o domingo, co tempo que estaba, dende o club tiveron que tomar a decisión, sen respaldo institucional algún, de non cobrar entrada e deixar libre acceso ós vehículos dos afeccionados para que puideran seguir o partido a cuberto”.

O PP de Burela pide incorporar máis efectivos na Policía local

Os populares de Burela condenan que “a incapacidade do goberno local socialista para contratar efectivos suficientes para o corpo de Policía Local de Burela supoña que os veciños e veciñas teñan que sufrir situacións de inseguridade viaria coma a que se daba na noite do pasado martes polo baleirado dun extintor no entorno da ponte da vía do tren. Tamén se levaron a cabo outros actos vandálicos que danaron varios coches aparcados no entorno da rúa Celso Emilio Ferreiro”. Os populares fanse eco das queixas dos veciños e veciñas da vila que coinciden, neste caso, cunha de-

manda que o Grupo Municipal Popular defende dende comezos deste mandato: “a incorporación de efectivos suficientes na Policía Local de forma que poidan organizar unha quenda de noite que, polo seu efecto disuasorio, contribúa a evitar este tipo de situacións”.

Trala denuncia trasladada polo Grupo do Popular no último pleno, “o alcalde dignouse, por fin, a convocar dúas prazas de Policía Local; pero que, con total seguridade, non terán presenza efectiva nas nosas rúas ata finais do vindeiro verán”, explica o voceiro, Manuel Rouco.

Últimos pasos na humanización da rúa Rosalía de Castro

A segunda fase das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro están a piques de rematar, segundo asegurou o alcalde, Alfredo Llano. O rexedor anunciou a colocación de dúas mesas de xadrez neste viario e doutras na praza do Campón e na praza da Mariña.

O rexedor contou que “está practicamente completada e xa está aberta á circulación dos vehículos, pero falta aínda facer algunha cousa importante como a pintura e a colocación de diferente mobiliario urbano, o que estará rematado en pouco tempo e así quedará lista”.

Llano subliñou que “unha das novidades que queremos implantar nesta rúa é a colocación dunhas mesas de xadrez porque agora gaña moito espazo do lado que está pegado ao parque pois hai unha peonalización dese lado dereito, segundo se vén cara o parque, e queremos ampliar as posibilidades do propio parque en cuestións lúdicas que poden ser moi motivadoras, como poden ser dúas mesas de xadrez. Tamén colocaremos outras dúas: unha na zona do parque de O Campón, cerca do hospital, e outra posiblemente na Praza da Mariña”.



Comeza o pintado de sumidoiros da campaña O mar comeza aquí

O alcalde, Alfredo Llano, e os concelleiros de Medio Ambiente e Cultura, Toñi Eijo e José Díaz, visitaron as pinturas realizadas nas bocas de 7 sumidoiros dentro da campaña de concienciación O mar comeza aquí. Eijo explicou que “o obxectivo é sensibilizar a través da arte dos problemas que xera a contaminación. Estivemos a ver esta mañá que o resultado final destas pinturas é impactante e agardamos que contribúa á concienciación á nosa veciñanza. O feito de tirar unha cabicha ou o envoltorio dun caramelo a través dos sumidoiros pode ter consecuencias graves tanto para o medio ambiente como para a nosa saúde”.

Manuel Andrés Pallín e Marcos Pereira son os artistas que se encargan da realización destas pinturas en 3D. A concelleira de Medio Ambiente indicou que “se trata dunha iniciativa novidosa, na que mesturamos arte coa concienciación social. Gustaría-



me facer unha chamada de atención á poboación para evitar xestos ou comportamentos que ás veces se fan de xeito automático e que son moi prexudiciais para o medio ambiente”.

O concelleiro de Cultura indicou que “desde a Delegación de Cultura do Concello de Burela e no meu propio nome gustaríame felicitar á miña compañeira Antonia Eijo, a conce-

lleira de Medio Ambiente, pola súa iniciativa que combina medio ambiente e arte nas rúas de Burela, de momento na Eijo Garay, con eses debuxos en 3D de peixes saíndo de sumidoiros, cunha mensaxe moi clara que é O mar empeza aquí. Creo que ten unha parte social de concienciación enorme e é unha idea xenial. Ademais é unha rúa que desemboca nas pinturas murais de Amarte”.

O IES Perdouro participa en Encontros Literarios



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, constatou a aposta do Goberno por fomentar a lectura entre a mocidade, durante unha visita ao IES Perdouro, de Burela, que participa nos Encontros Literarios que puxo en marcha a Dirección Xeral do Libro e Fomento da Lectura, do Ministerio de Cultura e Deporte, en Institutos de Ensinanza Secundaria. A subdelegada explicou que nesta iniciativa un autor ou autora, elixido polo instituto, fala sobre a súa propia obra e sobre o seu proceso creativo,

para despois manter un diálogo cos estudantes. Previamente, o alumnado prepara a actividade coa lectura do material seleccionado polo escritor e consensuado co profesorado do centro.

A subdelegada sinalou que estes encontros buscan ofrecer aos centros públicos de ensinanza unha actividade atractiva e enriquecedora para ao alumnado, que fomente a literatura e a construción de novos lectores nas aulas, cun compromiso claro cos escritores e a lingua galega.

Alumnos do IES Monte Castelo, premiados no certame polo 25-N

Cadanseus traballos presentados por escolares do IES Ánxel Fole de Lugo e Monte Castelo de Burela foron premiados no certame de creación gráfica e audiovisual convocado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con motivo do 25-N, contra a violencia de xénero.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que Miguel Ángel García Goyos, alumno de 1º de ESO do IES Ánxel Fole, foi gañador na 1ª categoría de imaxe gráfica -para 5º e 6º de educación primaria, de 1º e 2º de Educación

Secundaria Obrigatoria (ESO) e educación especial-, cunha proposta titulada Non sexas o seu xogue.

Pola súa banda, un equipo do instituto Monte Castelo de Burela obtivo o segundo premio da súa categoría na modalidade audiovisual pola montaxe Non cales. Fala, realizada por un grupo de oito mozos e mozas de 1º de Bacharelato deste centro educativo. A 2ª categoría inclúe os traballos presentados por 3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC, FP básica e ciclos de grao medio e superior.

Xa hai gañadoras do XV Concurso de Microrrelatos burelés

Ana Lestao Ben, de Burela, e Alba Sánchez Ares, de Santiago de Compostela, foron as gañadoras do XV Concurso de Microrrelatos convocado pola Concellaría de Igualdade e de Muller con motivo da celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero. A edil Noelia Mª Ben dixo que “entre as actividades programadas para conmemorar o 25N convocamos o XV Microrrelatos. O xurado emitiu o seu fallo hai uns días e as gañadoras foron: Alba Lestado



Ben, de Burela, na categoría de menores de 18 anos; e Alba Sánchez Ares, de Santiago de Compostela, na de maiores de 18 anos”.

Nas últimas horas tivo lugar a entrega de diplomas no salón de plenos do Concello de Burela. Xunto a Ana Lestao Ben estiveron o alcalde, Alfredo Llano, e a concelleira de Igualdade e de Muller, Noelia Mª Ben, que destacou e agradeceu “a numerosa participación nesta edición e a calidade das obras presentadas”.

HONDA
Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**HONDA CMX500
REBEL SPECIAL EDITION**

Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

SKKEYNDOR
SCIENCE OF THE BEAUTY

Este año regala belleza

Dermoterapia
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486

O PP quiere axilizar a tramitación urbanística do novo centro de saúde



O Partido Popular de Ribadeo urxe ao goberno do BNG que resolva rapidamente os trámites urbanísticos para a inmediata construción do centro de saúde. “É un centro de saúde que demandan os veciños e por iso urximos a que se resolva con axilidade a tramitación e así entregar os terreos a Xunta de Galicia para empezar a redactar o proxecto o máis axiña posible”, apunta Dani Vega, voceiro do grupo popular. Os populares afirman que o centro permitirá incrementar toda a carteira de servizos sanitarios e tamén incrementar os médicos e os facultativos resolvendo así unha demanda que piden os veciños para o municipio.

RINLO. A vicevoceira, Elena Sierra, destaca que “un dos lugares máis fermosos para visitar tanto pola súa gastronomía como pola súa arquitectura mariñeira é Rinlo”. A popular explica que “isto é o que lle pasa a este goberno: convida a todos os veciños e visitantes a coñecer Rinlo, pero teno totalmente abandonado”. A vicevoceira sinala que “as rúas están sucias, os contedores apestan, están cheos de ratas e o seu número non é suficiente para o pobo. As papeleiras aí xa nin existen e as que hai, están inservibles. Os puntos máis visitados están sen rozar”. É o caso do paseo marítimo: “É unha beleza, pero este goberno local teno nun estado vergoñoso: cheo de herba, sen limpar e con varandillas oxidadas”.

RÚAS. Tamén trasladan as queixas dos veciños da vila polo mal estado no que se atopan as rúas peonís. Unha situación de total abandono

que desde o Grupo Municipal levan moito tempo demandando solución. Sierra explica que “nestas rúas atópase o maio tecido económico da vila, polo que son as máis transitadas no seu día a día polos veciños e turistas”. Estas, son as rúas Reinante e San Francisco, rúas en pleno centro de Ribadeo que nestas datas, próximas a festivos e Nadal están moi transitadas.

“Na rúa Reinante, cando chove, podemos observar unha fermosa piscina pola culpa dos adoquins soltos e afundidos. Pero isto non é o peor, o peor e o máis grave son os accidentes que causan, ata o momento sen gravidade. Pero a qué estamos esperando? A que alguén rompa unha perna?” apunta a vivevoceira.

DESBROCES. O PP denuncia tamén unha clara falta de desbroce no Concello. A coordinadora de medio rural, Monste Seijo explica que “só se desbroza cando hai unha festa, se é que hai”, e supón un grave problema para os veciños que ven un abandono total das áreas recreativas, parques e xardíns.

Seijo destaca que no inverno este problema agrávase. “A falta de limpeza nas cunetas provoca que a auga discorra polas pistas e estradas esnaquizando o pavimentado”.

FONTES. Por outra banda, levarán a pleno unha petición para o mantemento das fontes da vila e das parroquias ante a situación “de total abandono” na que se atopan. Resaltan que moitas destas fontes foron rehabilitadas por fondos dos obradoiros da Xunta de Galicia, é dicir, “co diñeiro de todos”.

Veciños critican a seguridade dun parque e da estrada do Faro

Diferentes veciños da vila de Ribadeo veñen de criticar varios fallos de seguridade para os nenos e para os usuarios dunha estrada. Así, no tocante ao parque infantil situado diante da capela San Miguel existe un “fallo de seguridade para os cativos”.

Por iso non entenden porque “non se continuou coa varanda de seguridade ata o final do parque ou cal é o motivo polo que fronte ás vivendas sociais non se substituíron os setos por unha varanda”.

Segundo relatan os propios veciños teñen visto “como aos nenos se lles escapa o balón á estrada e saen correndo para collelo” o que implica un gran perigo para a súa seguridade.

Por outra banda tamén faláron sobre unha nova situación de perigo na transitada estrada que vai ao Faro. “Os veciños e o Partido Popular levamos reclamando o arranxo da estrada do Faro desde hai varios anos. Agora por fin o fan. Chega a campaña electoral para as municipais e póñense a arranxar cousas que hai moitísimo tempo tiñan que estar solucionadas”.

Malia o novo pavimento que din “xa está a facer balsas de auga”, o perigo atópase nunha torreta eléctrica que ocupa 1 metro da beiravía nunha curva cando antes da reparación da estrada non estaba na propia vía. Tamén se preguntan porque non se asfalta “un trozo de estrada que leva ata o Faro”.

As dúas liñas de media tensión que hai na estrada do Faro, por onde discorrerá o carril bici, serán soterradas



O TSXG ratifica o acceso público á Illa Pancha

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de ratificar o acceso público á Illa Pancha tras desestimar o recurso de casación presentado polo concesionario do Faro e condeao a asumir as costas do proceso de apelación.

O alcalde, Fernando Suárez, valora de xeito positivo a inadmisión a trámite e engadiu que “con isto quedaba resolta calquera outra interpretación xurídica ao tempo que confirmaba a actuación administrativa levada a cabo polo Concello de Ribadeo en todo este proceso”.

O alcalde manifestou que “lamentablemente, vimos que a

aplicación das sentenzas non eran todo o inmediatas que deberan ser posto que durante un tempo seguíuse a incumprir por parte do concesionario coa pasividade da administración titular da Illa, A Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, o que obrigou ao Concello a impoñer sendas multas coercitivas ao titular da actividade privativa e finalmente un requirimento de non argallar máis para incumprir as normas ou o Concello veríase na necesidade de executar as accións subsidiarias pertinentes para garantir o acceso público”.

por Begasa. Iso ocorrerá cando cheguen os informes sectoriais solicitados pola empresa a varios departamentos da Xunta da Galicia, previos

para que o Concello poida outorgar licenza de obras. Así o confirmou o alcalde, Fernando Suárez, despois das numerosas queixas veciñais.

Nova edición de recollida de xoguetes Dalle a volta ao Nadal

Chega unha nova edición da campaña de recollida de xoguetes Dalle a volta ao Nadal, que un ano máis pon en marcha a Concellaría de Servizos Sociais para que todas as nenas e nenos de Ribadeo teñan agasallos nas vindeiras festas.

Aquelas persoas que queiran doar poderán facelo ata o 13 de decembro. Os xoguetes deben estar en bo estado: limpos e non rotos; e os que estean compostos de pezas

deben vir todas xuntas nunha bolsa pechada. Non se recollen peluches este ano.

Os xoguetes poderán entregarse nos Servizos Sociais do Concello, que están situados no auditorio municipal de luns a venres en horario de 9 a 14 horas. Como explican dende o Concello “animamos a toda veciñanza a participar dándolle unha volta ao Nadal para que os seus xoguetes cheguen a outras mans”.



O Concello recorrerá a resolución do IGN que equipara os topónimos da ría

O Concello recorrerá a Resolución do Instituto Geográfico Nacional que pretende equiparar o topónimo de Ría del Eo co de Ría de Ribadeo. O alcalde, Fernando Suárez, asegura que as alegacións presentadas non foron analizadas, “o cal anticipa xa unha nova chapuza administrativa para pechar o asunto a toda velocidade”. Fernando Suárez lembrou que “o pasado mes de outubro recibimos por parte do IGN o novo informe da Comisión Especializada de Nombres Geográficos (CENG) á vez que se abría un trámite de audiencia, dentro do cal, novamente, presentamos as alegacións oportunas, reafirmando o xa exposto ata a data na defensa do topónimo de Ría de Ribadeo como o único posible, rebatendo os pobres e arbitrarios argumentos que se están a utilizar á hora de recoñecer o topónimo de Ría del Eo”.

Colocadas catro novas varandas de aceiro inoxidable na parroquia de Vilaselán

O Concello colocou catro novas varandas de aceiro inoxidable en Vilaselán. O concelleiro de Medio Rural, Marcos Villamil, explicou que “foi algo que nos pediu a asociación de veciños desa parroquia. E logo de estudar diversas opcións decidiamos colocalas de aceiro inoxidable. É a mellor solución a nivel de seguridade, pola estética e tamén pola súa duración”.

O edil ribadense subliñou que “seguimos facendo nosas, do equipo de goberno, as suxestións que a veciñanza nos vai facendo chegar e traballamos para mellorar Ribadeo”.

O Pleno aproba o orzamento, que sobe dos 10.600.000 euros

Aprobado o orzamento do Concello ribadense para 2023 que ascende a máis de 10.600.000 euros. O concelleiro de Economía, Pablo Vizoso, subliña que son uns presupostos equilibrados, que non incorren en déficit e que reducen o nivel de débeda.

O edil contou que estes experimentan un incremento de case o 8% con respecto ao exercicio actual, “para manter e mellorar o elevado nivel de actividades e inversións no noso concello: dende reposición de rúas e camiños, instalacións deportivas, actuacións en locais sociais, adquisición de terreos, apoio a asociacións de carácter cultural, deportivo ou asistencial, medidas e actividades de apoio ao comercio local e actuacións de protección social”.

Tamén inclúen a suba salarial do persoal público “unha aposta forte pola inversión”, centrada na reforma inte-

gral do Hospital Asilo e nos terreos para o novo centro de saúde. “Unha inversión á que se suman os proxectos que se están licitando nestas semanas para iniciar a súa execución dende primeiros do vindeiro ano, e tamén os convenios que se asinen con outras administracións”, din.

Afirman que non se subirán os impostos e incluso reducirase o nivel da débeda do Concello, que se situará ao peche deste exercicio no 9,8%. O Grupo Popular abstívose na votación para a aprobación dos orzamentos municipais ao consideralos “o conto da leiteira” porque os ingresos baséanse nunha “estimación”, tal e como advirte o informe da interventora. “Trátase de ingresos que, para o Grupo Municipal Popular, non se deberían incluír porque teñen que ver co aumento de ingresos polo ICIO e a taxa de li-

cenza urbanística do parque eólico Mondigo para o que nin sequera está solicitada a licenza”. Tamén se inclúe nos ingresos outra estimación: a do prezo público do Hospital Asilo.

EDUCANDO EN FAMILIA. Asinado, un ano máis, un convenio coa asociación Educando en Familia que presta axuda e asesoramento a 40 familias ribadenses con nenos e nenas de 0 a 6 anos. O importe ascende a 4.000 euros.

A concelleira de Servizos Sociais, Mónica Freire, dixo que “renovamos este compromiso que temos con Educando en Familia desde o ano 2014. A través deste convenio, por un importe de 4.000 euros, estámoslle dando axuda e asesoramento a unhas corenta familias con nenos entre 0 e 6 de anos de Ribadeo”.

Nova comisión para as festas patronais

Presentada a nova comisión organizadora das festas patronais de Ribadeo. O presidente da comisión organizadora das festas de Ribadeo, Juan Luis López Vivas, explicou cómo xurdiu a idea de tomar a relevo: “a idea vén de anos atrás porque tiña ganas de levar as festas do pobo; despois de vivilas desde pequeno era unha ilusión que tiña. Entón convencín a un par de amigos (Jacobo Martínez e Gonzalo Lebrede) e eles acabáronme de dar o empuxón final para decidir levalas. Agora mesmo somos tres, pero esperamos poder meter a algún máis porque é necesario pois para tres persoas soamente faise un pouco pesado. Seguramente que



nas próximas semanas xa estaremos máis”.

A nova comisión xa está a traballar: “queremos axilizar un pouco o tema da lotería de Nadal porque xa se achega a data. Imos xustos de tempo e queremos empezar xa con iso,

para recadar, porque é algo importante que para empezar sérvenos de apoio xa”.

A intención destes tres mozos de Ribadeo é darle continuidade ao traballo iniciado neste 2022 polos seus antecesores.

EN BREVE

MOSTRA. A Pancha, a moeda local ribadense, será a protagonista dunha exposición que se poderá visitar nas principais rúas da vila e que inclúe tanto paneis explicativos do seu funcionamento como un percorrido polo pasado comercial de Ribadeo. Ademais de na rúa Rodríguez Murias, no Campo de San Francisco instalarase a segunda parte da exposición, composta por fotos do Ribadeo antigo e das súas principais zonas comerciais. Esta localización coincide co lugar onde antigamente se celebraban as feiras e mercados.

PUNTO LIMPO. O Concello acaba de instalar en Rinlo un punto limpo de proximidade. E adquiriu outro, que é móbil e que se destinará ás demais parroquias ribadenses a principios do vindeiro ano 2023. En calquera deles pódense depositar residuos domésticos como aceite usado, pilas, aparatos electrónicos pequenos, luminarias, CDs, DVDs, radiografías, cápsulas de café, etcétera. O punto limpo móbil empezará a funcionar a principios do vindeiro ano, para o que están xa elaborando un calendario.

ANPA FAXARDA. A ANPA A Faxarda está a organizar o seu primeiro campamento de Nadal que contará con dúas quendas para facilitar a participación. Os pequenos estarán divididos en dous grupos, o grupo 1 serán do 26 ao 30 de decembro e o grupo 2 do 2 ao 5 de xaneiro. Ambos serán en horario de 9.00 a 14.00 horas con posibilidade de ampliarse de 8.00 a 9.00 e de 14.00 a 15.00 horas.

VIAXE. A Asociación de Irmandade Ribadeo-Loctudy acordou as datas a propoñer para a súa visita a Loctudy en 2023. A saída prevese para a tarde-noite do 29 de xuño, e o regreso para o xoves 6 de xullo. Deste xeito quedarían cinco días completos para a estancia coas familias de acollida.



A localidade prepárase para o Nadal cun amplo programa

Cervo presenta un amplo programa para as festas de Nadal no que conta cunha completa axenda para todos os públicos.

A programación iníciase o sábado 17 de decembro coa celebración do Mercado de Nadal na praza do Souto de 11.00 a 20.00 horas, e continuará o domingo co XIV Campionato de Nadal de Nihon Taijitsu ás 11.00 horas no pavillón. Durante todo o día haberá pasacalles do grupo Dambara de Burela e comezarán as visitas de Papá Noel, nesta ocasión ao local social de Trasbar ás 17.00 horas.

O mércores 22 Papá Noel estará nos centros escolares do concello, o día 23 será a quenda dun tren infantil na carpa instalada na praza dos Campos e pola noite poderase desfrutar dun concerto de jazz.

O 24 tamén haberá tren infantil e a celebración da Noiteboa infantil en Cervo organizada pola Fervenza de Sargadelos. O 26 haberá unha festa acuática infantil na piscina de Lieiro ás 17.00 horas e pola noite o primeiro dos preconcertos do CalloFest e O Son do Nordeste.

O martes 27 será a sesión de La-sertag ás 16.30 horas na carpa da praza dos Campos e volverá a mú-

sica pola noite de Son do Nordeste e o pre-Callofest cos Botafumeiros. Xa o 28 Fran Boza fará desfrutar ao público cos seus malabares ás 18.30 horas e pola noite volverá a música do pre-Callofest con Joni Ramos & Sunday Morning Club.

Na xornada do 29 de decembro Rudi Rudi: *Clowntaminación* estará ás 18.30 na praza do Souto e pola noite The Lazy Bones serán o derradeiro concerto pre-Callofest, pois o venres 30 comezará o festival na praza dos Campos organizada polos amigos da Troula.

O 31, os Veciños do Burgo de Trasbar organiza no seu local un brindis de Fin de ano ás 19.00 horas e pola noite a festa de Aninovo desprazarase ata a praza dos Campos.

Xa en xaneiro volverán as actividades para nenos coa colchoneta Tubby os días 2, 3 e 4, e os contos de Rilo & Penadique o día 2 e o concerto de The Versionettes o día 3 na praza do Souto, e a gala de Nadal o día 4 na praza do Campos ou no auditorio.

Os Reis Magos teñen tamén moito protagonismo, por iso o 5 de xaneiro haberá cabalgata. Por último, o sábado 7, será a quenda dun espectáculo musical ás 12.30 horas.

Semipeonalizar o núcleo urbano de Cervo está xa máis preto

O obxectivo de semipeonalizar o núcleo urbano de Cervo xa está un pouco máis preto despois de que o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Cervo e a Axencia Galega de Infraestruturas para este fin. Así, máis dun millón de euros, en concreto 1.025.015,53 euros, será o investimento total para mellorar a estrada das Quintás, e na que case o 25% e aportación do Concello.

Villares dixo “que nos vai permitir materializar nos vindeiros meses o proxecto polo que levamos anos traballando desde este equipo de goberno que pasa por converter esta vía nunha especie de variante e que permitirá mellorar a fluidez do tráfico, de xeito que tamén os peóns gañen en seguridade na vila”.

O obxecto do convenio é levar a cabo unha remodelación un treito de 382 metros da vía, entre a conexión coa estrada a Sargadelos, a CP-15-05, e o enlace coa rúa do Vilar a través da ponte sobre o Xunco. Esa estrada, de 3 metros, carece na actualidade de beirarrúas e beiravías.

Con estas obras ampliarse a calzada desa vía coa finalidade de que funcione como vía de circunvalación do



núcleo urbano de Cervo, minimizando o tránsito de vehículos polo centro urbano e, especialmente, polo casco antigo do municipio.

Así, a mellora deste estrada facilitará o acceso desde o núcleo urbano de Cervo e desde a estrada N-642 á aldea e ás fábricas de Sargadelos, complexo siderúrxico e cerámico catalogado como conxunto histórico debido ao seu valor cultural e etno-gráfico, con importancia turística.

Está previsto reducir a sinuosidade do trazado desta estrada, ao adaptar a súa traza a radios máis amplos e dotala dunha calzada de carrís de 3 metros, sempre acompañados de beiravías de largos variables en fun-

ción da existencia de beirarrúas.

A remodelación incluírá a execución dun treito de novo trazado, reservando para a circulación dos peóns a ponte actual sobre o río Xunco. Esta nova estrada incluírá tamén beirarrúas na marxe leste, cunha sección de 2 metros que permite o paso de viandantes en ambos os sentidos.

Está previsto aproveitar para engadir sobreanchos que permitan que os autobuses que se dirixen ao conxunto histórico de Sargadelos poidan xirar sen perigo. Así, as obras facilitarán o acceso desde a N-642 a ese conxunto histórico, ademais de favoreceren o acceso á residencia proxectada e ao centro de día.

Cervo protagoniza o anuncio de Lotería de Nadal deste ano

O Concello protagoniza a nova campaña de lotería de Nadal e que se compón de tres historias, unha delas rodada neste municipio.

Baixo título *Tres Orquídeas* o anuncio que xa está en emisión, conta unha fermosa historia chea de xenerosidade que xira en torno ao Faro de San Cibrao.

A gravación levouse a cabo durante a fin de semana do 22 e 23 de outubro e entre as localizacións escollidas están o Faro da Atalaia, o Bar Aquelarre ou Efectos Navais Rubio.

Tal e como precisou Villares, “é un orgullo que o noso municipio fose o escollido para rodar un dos anuncios máis agardados do ano”. Desde o Concello tentamos facilitar na medida do posible a rodaxe –precisou– porque entendemos que é unha oportunidade protagonista o spot por excelencia do ano.

“Temos que agradecer a comprensión e a colaboración da veciñanza neses días de gravación nos que se viu un pouco alterada a súa rutina diaria”, engadiu o rexedor.

Habilitan un espazo para alimentar á colonia de gatos



En coordinación coa Protectora de Animais Coletañas, o Concello vén de habilitar un espazo para que as persoas autorizadas –neste caso as persoas que integran a protectora– alimenten á colonia de gatos que hai na zona da Galiñeira, en Lieiro. Villares explicou que esta foi a solución que buscamos, en consenso con Coletañas, para “tentar reubicar esa colonia nun lugar afastado das vivendas”.

Desde o Concello de Cervo, fan un chamamento á colaboración veciñal para que se respecte este sistema de alimentación establecido pola protectora, “porque é a forma

de conseguir un equilibrio na convivencia”.

COLETIÑAS. Tamén mantiveron unha reunión de traballo coas persoas voluntarias da Asociación Protectora de Animais Coletañas, no refuxio municipal situado no Polígono de Cuiña.

Villares e Méndez quixeron poñer en valor o importantísimo labor que desempeñan as persoas voluntarias da Protectora, tanto na atención directa e coidado dos animais, como á hora de divulgar esa mensaxe de concienciación e responsabilidade entre a cidadanía.

O Concello é xa o titular das dúas edificacións na Atalaia

O Concello é xa o titular das dúas edificacións que están situadas na zona da Atalaia logo dun “longo e complexo proceso que culmina agora” coa adquisición, por medio dunha poxa pública, do esqueleto e da finca de 1.658,42 m² na que foi levantado no 2007.

Así o anuncio do rexedor, Alfonso Villares, quen amosou a súa leducia e a de todo o equipo de goberno por poder, por fin, cumprir o obxectivo que levamos moitos anos perseguindo “de recuperar e poñer en valor o xacemento arqueolóxico do Castro da Atalaia, reparando toda a panorámica da zona”. tendo en conta que o edificio que está ao seu carón é xa de titularidade municipal desde o ano 2021 “cando materializamos a compra”.

Con respecto ao esqueleto, Villares recordou, que o edificio xunto cos terreos, saíu a poxa logo dos trámites administrativos realizados desde o Concello o que permitiu chegar a esta situación. Un camiño que non foi nada sinxelo de percorrer –explica– e que nos fai retrotraernos varios anos atrás, “no 2019 iniciouse

un informe técnico de reposición da legalidade, que desembocou en tres multas coercitivas; por un valor total de 13.000 euros; e entremedias aprobouse tamén o Plan Especial de Protección do Xacemento da Atalaia”. Todos estes pasos previos permitíronnos chegar agora a esta situación tan favorable de ser o Concello de Cervo o titular da estrutura e da parcela na que foi levantada no ano 2007, e que pretendía albergar 42 vivendas, con garaxes e rochos, en 7 niveis diferentes.

Ao ser xa municipais tanto o edificio como o esqueleto, agora desde o Concello “estamos intentando axilizar ao máximo os trámites” para acabar co feísmo paisaxístico nesta zona; de feito –apunta Villares– xa se fixo a acta de replanteo da obra para acondicionar unha praza neste barrio da Atalaia coa presenza da empresa adxudicatária, dos directores de obra e do persoal da Xunta de Galicia.

Esta actuación está enmarcada no plan Hurbe da Xunta de Galicia que xa adxudicou o proxecto por un importe que supera os 400.000 euros.



Programa de actividades de nadal para nenos/as de entre 3 e 12 anos que permite que os pais e as nais poidan conciliar.



O curso levarase a cabo dende o 23 de decembro ata o 5 de xaneiro (incluído), de luns a venres, en horario de 8:30 a 14:30h. Requisito indispensable estar empadroado no noso Concello. As inscricións serán na Casa da Cultura ou no Concello de Cervo e o prazo remata o 16 de decembro.



- 10 DECEMBRO
BELEN DE PLASTILINA
12:00 > CASA DO CONCELLO
17:00 > CASA DA CULTURA
- 17 DECEMBRO
MERCADO DE NADAL
11:00 A 20:00
CARPA NA PRAZA DO SOUTO
ORGANIZA: A MORENA E CABALINO DE PAO
COLABORA: CONCELLO DE CERVO
- 18 DECEMBRO
XIV CAMPIONATO DE NADAL
NIHON TAI-JITSU
11:00
PAVILLÓN MUNICIPAL SAN CIPRIÁN
ORGANIZA: FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE E DEPARTAMENTO DE NIHON TAI-JITSU
PASARRUAS A CARGO DO GRUPO "DAMBARA" DE BURELA
A PARTIR DAS 13:00
EN SAN CIPRIÁN
VISITA DE PAPA NOEL
17:00
LOCAL SOCIAL DE TRASBAR
ORGANIZA: ASOC. VECIÑOS DO BURGO DE TRASBAR
- 22 DECEMBRO
VISITA DE PAPA NOEL
CENTROS ESCOLARES DO CONCELLO:
COLEXIO DE CERVO • COLEXIO DE SAN CIPRIÁN • ESCOLA INFANTIL
- 23 DECEMBRO
TREN INFANTIL
12:00 A 18:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
CONCERTO DE JAZZ
21:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
- 24 DECEMBRO
TREN INFANTIL
12:00 A 18:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
NOITEBOA INFANTIL EN CERVO
ORGANIZA: A FERVENZA DE SARGADELOS
COLABORA: CONCELLO DE CERVO
- 26 DECEMBRO
FESTA ACUÁTICA INFANTIL
17:00
PISCINA DE LIEIRO
CONCERTO O SON DO NORDESTE-
PRE-CALLOFEST: "SUPERGLU"
21:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZA: AMIGOS DA TROULA E CONCELLO DE CERVO
- 27 DECEMBRO
LASERTAG
16:30
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
CONCERTO O SON DO NORDESTE-
PRE-CALLOFEST: "OS BOTAFUMEIROS"
21:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZA: AMIGOS DA TROULA E CONCELLO DE CERVO



NA DAL 2022



Concello de Cervo

- 30 DECEMBRO
CALLOFEST
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
ORGANIZA: AMIGOS DA TROULA
COLABORA: CONCELLO DE CERVO
- 31 DECEMBRO
BRINDIS DE FIN DE ANO
19:00 A 20:30
LOCAL SOCIAL DE TRASBAR
ORGANIZA: ASOC. VECIÑOS DO BURGO DE TRASBAR
FESTA FIN DE ANO
01:30
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
- 2 XANEIRO
COLCHONETA TUBBY
11:00 A 14:00 • 16:00 A 19:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
CONTACTOS DE RILO & PENADIQUE: FUTURA DE NADAL
19:00
CARPA NA PRAZA DO SOUTO
- 3 XANEIRO
COLCHONETA TUBBY
11:00 A 14:00 • 16:00 A 19:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
CONCERTO O SON DO NORDESTE: "THE VERSIONETTES"
21:00
CARPA NA PRAZA DO SOUTO
- 4 XANEIRO
COLCHONETA TUBBY
11:00 A 14:00 • 16:00 A 19:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS
GALA DE NADAL
20:00
CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS OU AUDITORIO
- 5 XANEIRO
CABALGATAS DE REIS MAGOS
SAN CIPRIÁN
CERVO
ORGANIZA: AIRIÑOS DO XUNCO
COLABORA: CONCELLO DE CERVO
- 7 XANEIRO
ESPECTÁCULO MUSICAL INFANTIL
DI. MINIE, MICKEY, CHASE, LADY BUG E DUAS PATINADORAS
12:30
CARPA NA PRAZA DO SOUTO
GRUPO O BORDELO:
"O COVID DO MARINÁN"
OBRA DE TEATRO ESCRITA POR FRANCISCO PIÑEIRO
20:30
SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO EN CERVO
ORGANIZA: AIRIÑOS DO XUNCO
- 8 XANEIRO
ACTUACIÓN DE MAXIA DE DANI GARCÍA
12:30
CARPA NA PRAZA DO SOUTO



Cervo organiza este mes unha nova edición do programa Concilia

O Concello de Cervo organiza para este Nadal unha nova edición do programa Cervo Concilia, que dará comezo o 23 de decembro.

Este programa, que vai dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, componse dun completo calendario de actividades educativas e lúdicas pensadas para entreter ás crianzas nestas datas de lecer, “sen deixar de lado a aprendizaxe e incidindo especialmente no concepto da conciliación das familias”, tal e como apunta a edil de Educación, Dolores García Caramés.

As inscricións poñeranse a disposición das familias na Casa da Cultura de San Ciprián e na Casa do Concello. O prazo para anotarse remata



o 16 de decembro e as prazas son limitadas. O programa estenderase durante as vacacións de Nadal, finalizando o 5 de xaneiro.

Alfonso Villares repite na presidencia do PP municipal

O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez repite na presidencia do PP de Cervo como resultado do congreso celebrado polo Partido Popular desta localidade da montaña lucense, cunha candidatura única. Ao congreso asistiron, entre outros membros da dirección provincial, o coordinador xeral e portavoz, José Manuel Balseiro, e o secretario xeral, Javier Vázquez Nodal. Dende a dirección provincial sinalan que o partido actualízase e refórzase de cara ás eleccións municipais, para conseguir de novo o goberno municipal, pero con resultados aínda mellores que nas anteriores eleccións locais.

A dirección popular que sae deste congreso e ampla a moi representativa. Villares explica que “é unha lista aberta a todos os que queiran traballar por Cervo, integramos novas persoas que se integran ao noso proxecto político onde se conxuga experiencia e xuventude”. Así, a xunta directiva estará composta por integrantes con ganas de traballar por Cervo cun proxecto político sólido con máis de 20 anos co apoio e as confianza dos veciños.

O CEIP de Cervo participará nun programa escolar estatal

O CEIP de Cervo está a participar nun proxecto común con outros centros educativos de España dentro do programa do Ministerio de Educación Agrupacións de Centros Educativos.

Este proxecto favorecerá a educación inclusiva e a innovación educativa dos centros CEIP Arias Montano de Badaxoz, CEIP Antonio de Ulloa de Cartaxena e do do CEIP Doctor Juan Espino Sánchez

das Palmas.

O traballo común, para o que resultou seleccionado o CEIP de Cervo, e que arrincou cunhas xornadas de acollida de coordinación neste centro escolar, desenvolverase durante este curso e o seguinte, e ten entre os seus obxectivos favorecer a educación inclusiva e a innovación educativa, impulsando intercambios entre os centros.



100 ANOS. Cervo suma unha centenaria máis a súa lista de persoas lonxevas do municipio. Así, Dosinda Eijo Quelle, usuaria do Centro de Día Residencia, vén de cumprir 100 anos. O rexedor cervense, Alfonso Villares, e a concelleira de Servizos Sociais, Pilar Armada, achegáronse ata o centro para amosarlle o seu cariño e facerlles entrega dun ramo de flores.

Comezan as obras do paseo peonil entre as fábricas de Sargadelos

O Concello de Cervo vén de iniciar as obras para a construción dun paseo peonil que comunicará a Antiga Real Fábrica de Fundición de Sargadelos coa actual Fábrica de cerámica.

O alcalde, Alfonso Villares e a tenente alcalde, Dolores Gacía Caramés, desprazáronse ata o lugar da actuación onde puideron supervisar o inicio dos traballos que se prolongarán durante os próximos meses

O obxectivo principal desta actuación “que é unha aposta municipal pola mobidade sostible” é o de separar o tráfico peonil do rodado, o que supón unha remodelación integral da estrada establecendo unha nova cuneta de formigón cos seus respectivos desaugues e cruces da vía.

Tamén se vai renovar a rede de abastecemento de auga, propiciando a conexión coa actual fábrica de Sargadelos.



Establecerase – ademais – unha rede de alumbeado público, respectuosa coa paisaxe, entre os dous puntos, executando as canalizacións, o cableado e as luminarias precisas para ofrecer este servizo. Por último, soterrárase o cableado existente na actualidade da rede de telefonía e renovarase a pavimentación dos tramos afectados pola

obra.

A obra supón un orzamento de 750.000 euros, financiados integramente con fondos do remanente das arcas municipais.

Tal e como apuntou Villares “con esta actuación pretendemos mellorar a seguridade en toda esta contorna, creando un espazo público de calidade na parroquia de Sargadelos”.

ourol

O Concello organiza un novo Campamento de Nadal

O Concello de Oourol organiza un Campamento de Nadal para nenas e nenos de 4 a 14 anos de idade. Este campamento levarase a cabo no Edificio Multiusos, entre os días 26 de decembro e 5 de xaneiro en horario de 10.30 a 13.30 horas.

Haberá 20 prazas e para anotarse nesta actividade deberase acudir ó Departamento de Servizos Sociais ou nos teléfonos 982 559 109 ou no 677 489 457. A data límite para anotarse será o vindeiro venres 22 de decembro.



Os Aturuxeiros están a preparar as actividades do trimestre

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos están a preparar as actividades do primeiro trimestre do vindeiro ano nas cales queren incluír teatro e outro tipo de actividades para dinamizar os domingos do inverno.

Así, polo momento informaron que o domingo 18 terán unha festa de despedida do ano 2022 no local social e contarán con moitas sorpresas.

Tamén, o domingo 8 de xaneiro terán o tradicional bingo de Reis, unha actividade moi tradicional na parroquia. Haberá premios moi típicos destas datas.

O sábado 17 de decembro, o local social de Bravos acollerá a visita da Apalpadora que acompañada do trotamúsico André contará as súas increíbles andanzas e será a partir das 19.00 horas.

ROCKLANDS ACADEMY centro de idiomas

Merry Christmas

EN FOZ Y LOURENZÁ

982 103 377

605 738 247

www.docklandsacademy.es

O PSOE rexeita os orzamentos por “reflectir unha parálise”

Os socialistas de Riotorto criticaron o proxecto de orzamentos do PP para o 2023. Advirten de que as contas municipais “non presentan nin un só proxecto novo para o municipio”, e explican que “a única partida que medra é o soldo do alcalde, que ascende a máis de 61.000 euros (que inclúe dietas, quilometraxe e seguridade social), para gobernar un concello de 1.000 habitantes. E sen esquecer que a muller do noso alcalde tamén recibe un salario do Concello xa que traballa como administrativa, como xa denunciámos no seu día”.

O voceiro do PSdeG, José García Freije, sinalou na sesión plenaria na que rexeitaron as contas municipais, que o Concello esta enchendo as arcas públicas á conta do incremento nos recibos de recollida de lixo, que subiron un 100%, ou mesmo cos recibos do IBI (contribución), así como do imposto de construción, cando o Concello esta ingresando dos impostos dos veciños 355.000

euros (lixo, contribución e licencia de obras). “Non podemos impoñer ás familias a carga económica da nosa vila, porque entendemos que agora é o momento de axudar ás familias e non de subirllas os impostos. Todo o mundo ten que apretar o cinto e o Concello tamén debe dar exemplo”. Nesa liña, lembrou o gasto de 682.000 euros adicado ao persoal laboral do Concello.

García tamén lembrou o investimento de preto de 300.000 euros da Deputación de Lugo, a través do Plan Único. “Esta cantidade é a que ano tras ano está concedida dos fondos provinciais para o Concello de Riotorto, segundo criterios públicos e obxectivos. Uns recursos que son destinados para realizar obras de mellora nos viais municipais, manter o Servizo de Axuda no Fogar ou impulsar o turismo, entre outros moitos obxectivos. Aquí hai un compromiso real para mellorar a calidade de vida da veciñanza, e non o fume que vende o PP”, recalcou.

Rematan obras de asfaltado e o cambio de cen luminarias



O Concello rematou neste mes varias obras de asfaltado e cambio de luminarias que se fixeron con cargo ao Plan Marco da Xunta e Plan Único da Deputación. Así, finalizaron os traballos na parroquia de Aldurfe, onde se fixeron os accesos da carretera da Deputación ao barrio de Pereiro, no seu límite coa Pastoriza. Trátase dun treito de dous quilómetros que requeriu un investimento de 48.000 euros. Os traballos, xa rematados consistiron na limpeza de cunetas, debroce e unha capa de rodadura de

aglomerado en quete.

Con este mesmo material fixéronse as obras en Praducelo, na parroquia de Órrea, obras tamén con cargo ao Plan Marco da Xunta. Consistiron tamén no acondicionamento dos accesos principais do centro urbano.

Con cargo ao Plan Único fíxose a nova acción de cambio de luminarias para pasar das lámpadas de sodio ás de LED. Cambiáronse unhas cen na recta de Valverde, vivendas comunitarias, campo de fútbol, Cachan, Torrentas e Teixeira.

Volverá o tradicional baile de fin de ano

O Concello de Riotorto programou de novo este fin de ano o seu baile tradicional que se celebrará a partir da 1.00 horas do día 1 de xaneiro do próximo ano. A entrada para esta festa será de balde os asistentes poderán desfrutar da animación musical do dúo Estrellas no centro sociocultural da localidade.

Durante a festa haberá servizo de bar e ás 5.30 horas servirse chocolate gratis para todos. Esta festa está organizada polo Concello en colaboración coas asociacións de veciños.

Organizan unha charla sobre as xestións nas administracións

Este xoves, 15 de decembro, ás 11.15 horas terá lugar no centro sociocultural de Riotorto a charla informativa A Administración Cerca de Ti, que pretende axudar ós habitantes dos pobos para que poidan realizar xestións por vía telemática nas distintas administracións públicas.

O obxectivo é achegar a Administración á cidadanía para fortalecer a cohesión social e territorial, combater a fenda dixital e reforzar a igualdade de oportunidades.

Agora é a quenda de Riotorto, un día no que os cidadáns só terán que desprazarse ao centro sociocultural para contar coa súa firma dixital, coa que poderán acceder ós trámites e servizos dixitais, evitando desprazamentos innecesarios e o custe económico que iso representa.

O obxectivo é informar ós cidadáns dos trámites e prestacións, acompañalos, axudalos, orientalos para un mellor aproveitamento da Administración e combater as fendas.

Entregados os premios da quinta edición da Ruta das Tapas

A veciñanza desfrutou un ano máis da súa tradicional ruta das tapas que se celebrou os días 2 e 3 de decembro. Esta quinta edición da Ruta das Tapas de Riotorto contou cun total de cinco establecementos hostaleiros participantes que ofreceron as súas propostas aos veciños.

Entre as persoas participantes sorteáronse ata cinco premios: o primeiro de 200 euros, correspondeu a

Lola Martínez, de Meira; o segundo de 100 euros, foi para Paco Hernández, de Riotorto; o terceiro será un vale de 50 euros de queixos Don Hilario que lle corresponde a Roque, tamén de Riotorto; o cuarto da mesma cantidade por produtos cárnicos O Mazo foi para Óscar de Bretoña, e o quinto, tamén de 50 euros para a Panadería Cartiere, correspondeu a Patricia Leivas, veciña de Riotorto.



XXII XORNADAS MINDONIENSES DE ARQUEOLOXÍA



“Villaamil y Castro”



16, 17 e 18 de decembro do 2022



SALA DE CONFERENCIAS DO PAZO SANTOMÈ (Rúa Julia Pardo Montenegro)

Mondoñedo

Organiza



Excmo. Concello de Mondoñedo

O PP local constitúe unha xestora

O Partido Popular da Provincia de Lugo continúa a reforzar as agrupacións locais co obxectivo de crear alternativas de cara ás eleccións municipais do 2023. O presidente da xestora, Alberto Souto, destaca que a principal liña de traballo é “a escoita activa cos veciños e coas asociacións para defender os seus intereses”. Despois de ser nomeado recentemente presidente da xestora, Souto deu a coñecer os nomes que conformarán o seu equipo de traballo: como vicepresidenta, Raquel Rouro, de secretaria contarán con Andrea Fernández, Nerea Pena como tesoureira e como vogais Antonio Ramos, Marco Fernández, Rubén Fraga, José Juan Lorenzo, Jessica García e Iván Fernández, tendo así unha ampla representación do partido de Alfoz.

Xabier Pardiñas será o candidato de Via Alfoz

Na III Asemblea Xeral de Via Alfoz elixiuse por unanimidade a Xabier Pardiñas Suárez como candidato á alcaldía para as vindeiras Eleccións Municipais de 2023. Xabier Pardiñas repite como candidato despois de presentarse en 2015 pola agrupación de electores Veciños Independentes de Alfoz e en 2019, con Via Alfoz. Na lexislatura 2015-2019 exerceu como tenente de alcalde. Tras a súa elección agradeceu a confianza dos militantes indicando que “teño claro que a confianza que me acabades de trasladar non é un regalo, nin un premio. Acabades de encomendarme un traballo que asumirei coa máxima responsabilidade e dedicación, e sempre coa humildade e ilusión propias deste partido”. No momento de aceptar o nomeamento Pardiñas expresou o seu compromiso recordando a importancia do traballo de todo o equipo. “Temos seis meses por diante para escoitar á xente, para facer o mellor programa de goberno e para conseguir a mellor candidatura posible e que a veciñanza nos dea a súa confianza”.

O Castelo de Castrodouro acolle unha mostra sobre Pardo de Cela

Inaugurouse en Alfoz a mostra Os nosos castelos: Castro de Ouro e o Mariscal Pardo de Cela. Na cita, que tivo lugar precisamente no castelo do Concello mariñán, púxose en valor a cultura e o patrimonio como elementos dinamizadores da economía da provincia.

A Deputación achega 42.000€ este ano a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos para financiar diferentes actuacións no Castelo de Castro de Ouro. “Temos un claro compromiso coa defensa e coa promoción do noso rico patrimonio, desa herdanza milenaria que pasa da cultura castrexa ós restos romanos, do románico e o Camiño de Santiago ó noso barroco ou a arquitectura de indianos no século XIX”, sinalou o Deputado, para quen “cooidar do patrimonio é unha obriga, pero tamén unha ferramenta para desenvolver políticas transversais de cultura e turismo que abran novas posibilidades ao noso rural”.



Agradeceu nese sentido o traballo do Alcalde, Jorge Val, e do seu equipo de goberno por poñer en valor e conservar o castelo, sinalando que este tipo de recursos turísticos “conservados e postos en valor, poden ser un importante elemento para dinamizar a economía local”.

Tamén agradeceu aos organizadores, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, o “seu traballo

para divulgar e poñer en valor todo o noso patrimonio material e inmaterial con propostas coma esta”.

Os castelos: Castro de Ouro e o Mariscal Pardo de Cela poderán visitarse ata o 22 de decembro en horario de apertura da Oficina de Turismo, situada en dito edificio, é de 10.30 a 14.30 e de 15.30 a 18.30, venres, sábado, domingo e festivos (excepto o día de Nadal e de Aninovo).

Última reunión veciñal para debater sobre o orzamento para o ano 2023

O Concello de Alfoz segue coas reunións polas parroquias para que os veciños e veciñas fagan as súas suxerencias cara ao Orzamento Municipal de 2023.

Esta será a derradeira xuntaza e celebrarase o 16 de decembro ás 20.00 horas no salón de actos da casa da cultura e será coas parroquias de Mor, O Castro e Reirado e coas asociacións e clubs do municipio.

Con esta xuntaza remátase a rolda de xuntanzas iniciadas en outubro coa veciñanza de todas as parroquias co obxectivo principal de escoitar as súas ideas, suxerencias e demandas para mellorar o concello e incorporalas, na medida do posible, nos orzamentos do ano que ven.

Ata o de agora hai que destacar unha ampla participación e, polo tanto, aportacións de distinta índole para realizar nun futuro próximo.

O CEIP Castro de Ouro conta cun novo punto lúdico no patio



Despois de que o ano pasado o patio do Ceip Castro de Ouro comezara unha nova etapa co seu acondicionamento e a posta en marcha de xogos populares e tradicionais, con espazos de lecer e un rincón da amizade, esta semana veñen de incorporar

paneis de xogo inclusivo. Así, contan cun punto lúdico para todos e todas, que fomente o valor da igualdade no momento de xogo co grupo, e o recoñecemento e familiarización de escenas cotiás sen distinción por xénero como os xogos cos oficios.

Organizan varios espectáculos infantís para as tardes de Nadal

A Asociación de Veciños de San Vicente de Lagoa vai realizar os días 26 e 27 a actividade Tardes de Lecer, para nenas e nenos de 3 a 12 anos. O horario será de 16.00 a 19.00 horas e son gratuítas. Será na Escola da Pinguela e haberá merenda, xogos e obradoiros de Nadal. Para asitir será necesario anotarse, pois as prazas son limitadas, chamando aos teléfonos 635 229 513 (Pilar) e 654 332 576 (Joselina). Por outra banda, o Concello organiza o Nadal na Bilblioteca, unha actividade dirixida a nenas e nenos de 3 a 12 anos, as tardes de 17.00 a 19.00 horas dos días 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro.

Haberá distintas actividades como manualidades, xogos, música e coreografías, etc.

O 17 de decembro ás 19.00 horas Monicreques KuKas presentará *Xan Perillán e a maleta máxica* no salón de actos da casa da cultura. Ao remate entregaranse os premios do XX Concurso de Postais de Nadal.

Tamén o domingo 18 de decembro o salón de actos da casa da cultura de Alfoz acollerá a visita da Apalpadora que dende as montañas do Courel e acompañada do trotamúsico André contará as súas increíbles andanzas e será a partir das 16.00 horas.

Presentan a programación do Nadal barreirense

Barreiros presenta unha programación de Nadal variada para que a veciñanza poda disfrutar de distintas actividades e con opción para toda a familia.

Así, o domingo 11 haberá un Mercadillo de Nadal na praza do Concello con actuacións e obradoiros, e continuará o sábado 17 coa visita do Apalpador, organizada polo colectivo Ollomao. Xa o domingo 18 será o Cross As Valgas pola mañá e a Xornada de convivencia equipo biberón EEDD pola tarde.

O sábado 24 ás 19.00 horas será a recepción de Papá Noel na praza do Concello e xa en xaneiro, o día 2, os pequenos do concello poderán visitar Xuvenilugo de 16.30 a 20.30 horas.

O xoves 5 de xaneiro os Reis Magos visitarán ás parroquias do concello pola mañá e estarán na praza do Concello pola tarde. E o sábado 7 o coro Airiños do Mar actuará no centro sociocultural ás 19.00 horas.

Tamén haberá tempo para o deporte na xornada do domingo 8 de xaneiro, na que se poderá disfrutar da Carreira e andaina solidaria de Reis pola mañá.

Barreiros concluíu os labores de prevención de incendios forestais

Os operarios municipais de Barreiros veñen de concluír nestes días os labores de prevención e loita contra os incendios forestais no municipio. Para estas labores contou durante tres meses, ademais do tractor municipal de desbroce, cunha brigada composta por cinco persoas e unha motobomba na que operaban tres profesionais. Dito persoal, baixo a coordinación do distrito forestal de zona, participou en dispositivos de ámbito comarcal e realizou labores de limpeza e desbroces de espazos públicos baixo a supervisión do concelleiro de medio rural, Dámaso Ratoeira.

Ademais destas labores, dita concellería vén realizando sistematicamente obras de mantemento e mellora de vías rurais que facilitan o acceso en caso de incendios. Así, nos últimos días o persoal municipal mellorou o acceso aos depósitos de carga contra incendios de Benquerencia, coa ampliación da entrada e zona de virada da motobomba.

Ratoeira quixo poñer en valor “estas pequenas actuacións que se veñen



realizando nos últimos tres anos -e que non se facían neste concello- que son fundamentais para ir poñendo a zona forestal en valor e cunhas condicións mínimas de seguridade”. Así, sinalou as labores continuas que se fan en mantemento de cunetas das pistas forestais ou o coidado na conducción de augas nas mesmas; ao igual que o continuo contacto coas empresas do sector para o arranxo de posibles desperfectos derivados da saca de madeira.

“Por primeira vez en moitos anos, estase a facer neste concello unha

labor de control e posta en valor da actividade forestal e iso supón que nestes momentos, quedando aínda marxe de mellora que se poida realizar en vindeiros anos, o concello de Barreiros conte cunha situación moi mellorada das pistas e espazos públicos forestais”, sinalou.

Quixo, ademais, agradecer a profesionalidade do persoal contra incendios que operou a nivel municipal, tanto na brigada como na motobomba, que permitiu o adecentamento de 10ha de espazos e de máis de 250km de desbroces en pistas.

O Concello recibiu un novo tractor



O Concello de Barreiros recibiu nas súas instalacións o novo tractor municipal, que foi adquirido co financiamento da área de medio rural da Deputación de Lugo.

Representantes e persoal técnico da marca desprazáronse ata Barreiros para dar a información e as noicións básicas ao persoal municipal encargado do seu manexo, que nas vindeiras semanas irá afacéndose á nova maquinaria, dotada de desbrozadora de brazo e cuchilla dianteira para realizar máis traballos con medios propios.

Ata alí acudiron tamén para escoitar a información a alcaldesa, Ana Ermida, e o concelleiro de medio rural, Dámaso Ratoeira, que comprobaron a idoneidade do vehículo e os seus accesorios para as necesidades municipais.

*Hijos de
Ramón Rubal*

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

O toque de campás, incluído na lista de Patrimonio da Unesco

O toque manual de campás de Mondoñedo, Ponte Caldelas, Ponteceso e Boqueixón vén de ser incluído na lista de manifestacións representativas do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco. Campaneiros de toda España, entre eles os galegos, contribuíron á consecución da declaración, xa que todos a avalaron con cartas de consentimento como representantes do saber deste oficio. En concreto, por parte de Galicia participaron Valentín Ínsua Palacios, da Catedral de Mondoñedo; Elías Darriba, de Campaneiros da Insua, en Ponte Caldelas; José María López, dos Campaneiros de San Fins do Anllóns de Ponteceso, e Víctor Curros, de Campaneros de Santa María de Lamas e Sergude de Boqueixón.

O nome das campás da Catedral son Paula, Prima, Ronda, Petra, Esquilón, Campá do Sino, Esquilón Vello, Jernónima, Francisca e Calenda.

A proposta de inscrición no rexistro de bens de interese cultural respondeu á iniciativa de distintas asociacións españolas implicadas



nesta práctica, que contactaron con distintos profesionais e institucións para traballar con estreita colaboración para soste a candidatura, foi tramitada polo Ministerio de Cultura e Deporte. A candidatura que lidera o Ministerio adheríronse varias comunidades. Xunto a Galicia -que participa na franxa norteña-, tamén están representadas a Comunidade Valenciana, Madrid, Castela e León, País Vasco, Navarra, Cataluña e Andalucía.

Aprobado o orzamento de 2023 con críticas da oposición

Foi aprobado o orzamento para o ano 2023 do Concello de Mondoñedo, que ascende a 3.891.983,87 euros. As contas do Concello para o próximo exercicio caracterízanse pola contención do gasto, o mantemento dos servizos públicos básicos e, de maneira especial, polo seu carácter social. O capítulo VI, de investimentos reais, sitúase en 116.236,45 euros, actuando así cun principio de prudencia, que se reflicte neste capítulo.

O goberno municipal destaca que o orzamento reflicte o compromiso do Concello, nestes momentos difíciles, cos maiores, os dependentes e, en xeral, cos que máis precisan dos servizos sociais. Neste apartado non hai redución do gasto, senón incremento.

En canto a investimentos, o orzamento, no capítulo VI, recolle fondos para aqueles que son financiados con recursos propios. O goberno local opta por proceder, chegado o caso, a modificacións orzamentarias para efectuar as aportacións propias necesarias, para levar a cabo as obras resultantes doutras administración (plans Urbe, Rexurbe, e Único)

No orzamento consígnanse as partidas necesarias para facer fronte ao mantemento dos servizos pú-

blicos básicos, como son a recollida e tratamento de residuos, a iluminación, e, entre outros, o mantemento das zonas axardinadas.

BNG E PSOE. O Grupo Socialista de Mondoñedo denuncia que o PP de Mondoñedo incrementa a partida de publicidade e propaganda do Concello en máis de 11.000 euros con respecto ás contas do ano pasado. Concretamente para protocolo destina 31.000 euros (un aumento de 5.500 euros con respecto ao ano anterior), e a de publicidade ata os 59.100 euros (sube 5.800 euros), o que fai un montante total de 90.100 euros.

Segundo o BNG o concello perde diñeiro ao non prever ningún ingreso en concepto de Canón Eólico. "É lamentable que despois de concederlle unha rebaixa fiscal de 110.000€ a Norvento por instalar un parque eólico en Sasdónigas que agora se demostrou polo Tribunal Supremo que fora autorizado ilegalmente pola Xunta e co número de aeroxeradores instalados polos diferentes parques no noso concello o goberno, encabezado agora por Manuel Otero, se cruce de brazos e non tome medidas para recadar o que nos corresponde por este concepto".

Xa hai gañadores para os dous certames literarios da vila

O Concello de Mondoñedo fixo públicos os nomes dos gañadores do XXIII Certame de Poesía Díaz Jácome para novos creadores e do XI Certame de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro.

Así, a obra gañadora do Díaz Jácome foi *A herba que crece sobre nós*, de Alba Doval Rodríguez e obterá un premio de 1.500 euros, placa e diploma.

O segundo premio, dotado con 600 euros, placa e diploma, recaeu na obra *Cando brotan no campo rebelións*, da que é autor Ciro Fernández Briones. Clara Vidal López acadou o terceiro premio, dotado con 300 euros, placa e diploma, coa obra *Os Caracois Alpinistas*.

No tocante ao Manuel Leiras Pulpeiro Xurxo Alonso García álzase



como gañador coa obra *O Outro Lado*. O traballo presentado pola gañadora, que obterá un premio de 1500 euros, placa e diploma

O segundo premio, dotado con 600 euros, placa e diploma, recaeu na obra titulada *Na ferradura interna do lóstrego* da que é autor Tito Pérez Pérez. María Soledad

García Riveiro acadou o terceiro premio, dotado con 300 euros, placa e diploma, coa obra presentada baixo o rótulo *Aposiopese*.

A entrega do premio Poesía Díaz Jácome tivo lugar o sábado, día 10 de decembro, e do Certame de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro foi o xoves 8.

Mondoñedo acollerá un amplo abano de actividades de Nadal

Mondoñedo acollerá durante todo mes de decembro e ata o 5 de xaneiro un amplo abano de actividades para desfrutar do Nadal.

Así, o sábado 3 poderase asistir á obra de teatro *O Vixiante dos soños* no auditorio ás 19.00 horas, xa o 16 o musical de *Toy Story* fará rir a todos os asistentes no auditorio ás 20.00 horas, e ao día seguinte, o sábado 17 será a Papanoelada moteira a cargo do Motoclub Ruta N-634 dende a praza da Catedral ás 16.00 horas. Esta cita moteira contará tamén con chocolatada, colchonetas e inchables, agasallos e sorteos.

Os días 16, 17 e 18 de decembro serán as XXII Xornadas Arqueolóxicas Villamil y Castro no Centro Comarcal, o día 22 faranse actos de Álvaro Cunqueiro na CMAC e no auditorio. Á semana seguinte a Escola de Música O Pallarego ofrecerá un concerto polo seu XXV aniversario ás 20.30 horas no auditorio, e o día seguinte o sábado 24, O Apalpador visitará a praza do Concello ás 17.30 horas para desexar boas festas aos cativos. Xa o propio día de Nadal haberá unha sesión de cine infantil ás 18.30 horas no auditorio.

O mércores 28 de decembro será a quenda dunha curta de cine ás 20.00 horas no auditorio, *Nena* do cómico Touriñán, e o venres 30 o grupo Escolma de Meus fará un concerto de Nadal no auditorio ás 20.00 horas. O último día do ano será a tradicio-



nal carreira de San Silvestre desde a praza do Concello ás 16.30 horas e ás 23.59 horas daranse as badaladas de fin de ano na praza da Catedral.

Xa entrados en xaneiro, o día 1 haberá un concerto a cargo de Juan Rezzuto ás 19.00 horas na Catedral e o día 5 os pequenos mindonieneses poderán desfrutar da Cabalgata de Reis polas parroquias e rúas do concello.

Por outra banda o 8 de decembro ás 13.00 horas entregaranse os premios do XI Certame de Poesía Leiras Pulpeiro e o 10 ás 12.30 horas o XXIII Certame de Poesía Díaz Jácome.

O 22 e 29 de decembro e o 4 de

xaneiro ás 17.00 horas haberá merendas e inchables no Centro Peña de Francia. Tamén haberá tempo para o deporte os días 4 e 5 a partir das 13.30 horas será o mini campus Mondoñedo FC no Viñas da Veiga.

NOVE ESPAZOS. A aposta pola decoración de Nadal aumenta con respecto ao ano pasado, cun total de 9 espazos de nadal, entre os que destaca a casina do Apalpador, o trineo de Papa Noel e a súa casa de Laponia, un portal de Belén na Fonte Vella, a casina da árbore nos Muíños, entre outros.

O número de arcos manterase similar ao dos últimos anos, con arcos novos na Avenida Bos Aires, Avenida San Lucas e Rúa Progreso, ademais do árbore de nadal da praza da Catedral.

Os nove espazos que ambientarán as rúas compóñense do Rincón Laponia na praza da Catedral, cunha escenografía da casa de Santa Claus, o Rincón do Trineo na praza do Concello, composto por un trineo de Papá Noel tirado por cinco renos; o Rincón de Nadal na Alameda, centrada no espazo do palco de música, o Rincón dos Reis Magos, representando o Belén na Fonte Vella. No Barrio dos Muíños e en San Lázaro colocárase o Rincón de Nadal representado por bonecos de neve, cervos e árbores coa temática do Nadal.

O Concello recibe unha achega para a compra da Ferrería de Bogo

A adquisición do complexo da Ferrería de Bogo por parte do Concello da Pontenova deu un paso cara adiante coa achega de 150.000 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Segundo palabras do rexedor pontenovés, Darío Campos, “a Ferrería de Bogo é quizais o elemento etnográfico máis importante da Pontenova. Ademais de ter varias igrexas conta cun edificio que data do século XV e gustaríame poñelo en valor pois sería un reclamo turístico moi bo”. Ademais é un lugar que será “moi

agradecido para visitar e para ver e sentir como era a ferrería”, dixo. Ambas administracións asinaron un convenio de colaboración con cargo ao Fondo de cooperación cos municipios de menos de 50.000 habitantes para impulsar actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído. Este programa financia, a través de préstamos sen intereses, a adquisición de inmobles para a súa posterior restauración, así como intervencións de recuperación e rexeneración urbanas.

Neste caso, o acordo asinado establece que o Concello da Pontenova deberá repoñer os fondos percibidos nun prazo de oito anos a contar desde o 2023. A contía fixada para cada anualidade é de 18.750 euros.



A Pontenova contará cun punto limpo móbil



O Concello da Pontenova contará cun punto limpo móbil gracias a unha axuda de 44.180 euros da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O alcalde da Pontenova, Darío Campos, comprobou a nova dotación, un camión equipado cun gancho multibasculante hidráulico e unha caixa que incorpora un módulo portacontedores para o depósito de residuos de

aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE), pilas, baterías e outros refugallo. Así mesmo, o Goberno galego concedeu 25.400 euros ao abeiro da orde de 2022 para crear ou mellorar puntos limpos fixos, neste caso co fin de acondicionar a instalación que comparte A Pontenova cos municipios de Riotorto, Ribeira de Piquín, A Pastoriza, Meira e Pol.

Os Reis Magos lanzaranse en tirolina no programa de Nadal

O Concello da Pontenova organiza varias actividades para o Nadal para o tempo de ocio dos cativos, así, contarán co seu tradicional evento de PlayBack será o 7 de xaneiro ás 20.00 horas no auditorio municipal. A tradición seguirá coa música na que haberá un concerto a cargo da Escola de Música da Pontenova e unha obra de teatro de Lume Escénico. Tamén haberá tempo para que os

Reis Magos visiten a vila e para elo comezarán o seu itinerario lanzándose na tirolina, para despois visitar a casa da cultura. Ademais, haberá unha festa de benvida do ano novo 2023 para todos os veciños. Esta cita será no local das asociacións o 1 de xaneiro a partir das 1.00 horas. A entrada é de balde e haberá servizo de bar e a festa estará amenizada por Disco Móbil PB.

CIRCUÍTO DE TEATRO AFECCIONADO 2022

Ciclo ARGALLADAS

A Adala (Foz):
Vivan os noivos

A Mariña (Cervo):
Un corniño para o recordo

Argalleiras (Chantada):
Ler ou non ler

Axóuxeres (Foz):
Causas de mulleres

Metátese Teatro (Palas de Rei):
Escola de vaqueiros

Nova Escena (Lugo):
A tortilla e a peste

Os Palimoquiños (Lugo):
Borrolliño

Ciclo GARGALLADAS

Asociación Cultural Abrente (As Nogais):
O tío Ripias

Colectivo Cultural Ollomao (Barreiros):
O documento

Chimchiribote (Pol):
Cantos

O Centiño (Foz):
A morte morrida

O Torques (Burela):
O Randiño

Os Tracos (Castro de Rei):
A Croa dos Chairos

Pico do Castro (Foz):
O terapeuta

Ciclo TÁBOAS CHEAS DE EMOCIÓN

Alentía Teatro (Palas de Rei):
No fin das historias

Falcatruellos (Monterroso):
Ciowconcertazo

Grupo de Teatro Down (Lugo):
213

O Bordelo (Cervo):
O covid do mariñán

Os Baluros (Castro de Rei):
O menciñeiro á forza

Os Pinchacarneiros (Lugo):
O Lazarillo do Miño

Rebuldeira (Sarria):
Fráxiles

Ciclo ELEMENTAL?

Borguete Teatro (Vilalba):
O velorio

Curuxan Teatro Impro (Lugo):
A tenda de Xón

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla:
Oito en sospeita

Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA):
Asasinato na tenda de roupa

Hipócrata Teatro (Lugo):
Arte

Lume Escénico (A Pontenova):
Via Rexia

Teatreiras (Monforte):
O crime de Lady Sibila

Viraventos (Monforte):
Perfectos descoñecidos

Comezaron as obras da pista multideporte

As obras da pista multideporte do CEIP Celso Currás deron comezo a pasada semana, así o comunicou o voceiro do PP de Trabada, José María Fernández.

Trátase dunhas obras que contan cun orzamento de 91.676 euros dos que 70.000 euros corresponden a unha achega do Goberno galego. Estas obras estarán rematadas a mediados do mes de decembro.

Esta pista será para a práctica de varios deportes como son balon-

cesto, balonmán, tenis, fútbol sala, voleibol e badminton. Contará cunha capa de resina acrílica, para o pavimento da pista, que será antideslizante, resistencia abrasión e absorción.

Terá dúas unidades de canastas de baloncesto e dúas porterías para práctica de balomán e fútbol sala, unha rede para práctica de tenis, voleibol e bádminton, así como o pechamento metálico antivandálico. Toda esta infraestrutura contará con alumbeado de tipo LED na pista.

Segue a rehabilitación da casa escola de Trabadela



Seguen as obras de rehabilitación da primeira planta da casa escola de Trabadela, un inmoble de titularidade municipal trabadense.

O proxecto abarca a remodelación da primeira planta do inmoble para dotalo de mellores condicións de habitabilidade, mediante o redi-

mencionado da zona de día composta por salón-comedor-cociña e do baño, mentres que se manteñen os tres dormitorios existentes. O orzamento das obras de reforma é de 40.255,95€ euros e a subvención que acadou o Concello de Trabada é de 25.937,48 euros.

Instalados tres puntos de recarga de vehículos eléctricos

Trabada xa dispón de tres puntos de recarga de vehículos eléctricos no municipio, un novo servizo para os seus veciños e visitantes.

Estes puntos de recarga están emplacedos nas inmediacións da área de autocaravanas de Ría de Abres, nas inmediacións do Centro Etnográfico Xosé Rocha e no almacén municipal, situado no edificio do Centro de Saúde e da Casa da Cultura.

Trabada conta con este servizo grazas á obtención dunhas axudas convocadas pola Xunta de Galicia con fondos do Goberno. García Bermúdez decidiu solicitar esta subvención “xa que é moi necesario no rural avanzar no relativo á mobilidade eléctrica, e para elo é preciso dotar



o municipio de puntos de recarga de vehículos eléctricos, máis se cabe tendo en conta que en Trabada non hai ningunha gasolinera”.

A concesión destas axudas estaba supeditada ao financiamento por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no marco do plan MOVES III.

Un orzamento de 2 millóns no que se duplican os investimentos

O Pleno aprobou un orzamento de 2.010.326,37 euros para o ano 2023, unhas contas nas que destaca a partida dos investimentos reais.

“Son uns orzamentos expansivos e sociais, con proxectos e investimentos cos que melloraremos as infraestruturas e os servizos públicos para os nosos veciños”, afirma a alcaldesa, Mayra García Bermúdez

No capítulo de gastos, destaca o citado incremento dos investimentos reais, duplicándose practicamente a partida e chegando ata os 651.278,54 euros, o que supón un 32,40% dos orzamentos municipais.

“Con esta xestión, continuamos no camiño emprendido por este equipo de goberno, no que priorizamos os investimentos porque permiten importantes melloras nas infraestruturas do concello, e isto tradúcese en mellorar os servizos aos nosos veciños, en contribuír á seguridade dos veciños e visitantes e, en definitiva, en mellorar a calidade de vida

no rural”, explica a alcaldesa, “xa que adicamos unha boa parte destes investimentos á mellora de estradas municipais, abastecementos, parques infantís e en xeral á mellora das instalacións municipais, tal e como fixemos dende que gobernamos”.

Por outra parte, as contas recollen a evolución das liquidacións do exercicio anterior e o reflexo dos padróns recoñecidos no 2021. O incremento no capítulo de ingresos derivase principalmente da previsión do ingreso durante o próximo exercicio orzamentario do proxecto do Parque eólico Mondigo, cuxa tramitación administrativa se encontra en fase moi avanzada en canto a informes e autorizacións sectoriais.

Prevese a solicitude de licenza do parque durante o próximo ano, por importe de 730.000 euros, o que suporá un incremento importante da cantidade que se prevé ingresar con respecto á cantidade estimada para o 2022, se ben non se pode facer uso

dos mesmos ata que efectivamente se recaden.

Tamén aumentan un pouco os capítulos de persoal, atendendo á previsión de suba do salario dos funcionarios que se prevé para o 2023, e de gasto corrente, para o normal funcionamento dos servizos debido fundamentalmente a dous factores externos, como é a alta inflación e a extraordinaria suba dos costes enerxéticos.

Tamén aumentan as transferencias correntes para facer fronte aos gastos derivados do Centro de Atención a Maiores como consecuencia da próxima ampliación de prazas. En canto ás transferencias de capital, preséntase como novidade a aportación de 20.000 euros ao Concello de Ribadeo, coa finalidade de financiar as obras de rehabilitación e mellora da rede de abastecemento de auga, cumprindo así o convenio recentemente asinado entre ambas administracións.

Trabada foi elixido polo Miteco para aumentar os servizos públicos



O Concello de Trabada conseguiu unha subvención solicitada polo goberno local para impulsar un proxecto dirixido a aumentar a atención ás persoas maiores e xerar emprego, medidas fundamentais para o reto demográfico ao que se enfrontan os concellos rurais de todo o Estado.

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, realizou persoalmente a memoria deste proxecto e tramitou a solicitude da subvención, dentro dun programa do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico destinado ao financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial, a reactivación da actividade

socioeconómica e a loita contra a despoboación.

O Concello de Trabada foi o único seleccionado na provincia de Lugo e recibirá máis de 142.000 euros para poñer en marcha o proxecto, que incluírá diferentes iniciativas para reforzar os servizos públicos, apoiar proxectos que xeren emprego ou fomentar a transición dixital.

“É un proxecto multidisciplinar e con moitas áreas de actuación, con iniciativas por e para a xente, para fixar poboación e atraer actividade económica, con medidas tamén en materia de vivenda e impulsando a cooperación público-privada”, explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez.

O Goberno local consolida o seu programa de conciliación

O Concello de Trabada reforzou e consolidou durante este mandato municipal o seu programa de conciliación, impulsado polo grupo de goberno local e que xa beneficia este ano a máis de 20 familias.

“Dende que chegamos ao goberno municipal apostamos por mellorar os servizos en xeral a toda a veciñanza e particularmente ás familias, porque facilitar a conciliación dos pais e nais é un aspecto fundamental para atraer e manter a poboación nos concellos rurais”, explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez.

Desde xaneiro de 2020, Trabada conta cun Punto de Atención á Infancia (PAI), con dezasete prazas e un horario de atención de 08:00 a 16:00 horas de luns a venres.

No programa de conciliación municipal, destaca tamén o servizo de Madrugadores, que se presta de luns a venres desde as 08:00 horas ata o comezo das clases, facilitando a incorporación ao posto de traballo dos pais e nais.

Otra iniciativa de conciliación en Trabada é Ludiseráns, un programa de actividades extraescolares con propostas formativas e lúdicas, polas tardes de luns a venres e durante tres horas dende o mes de outubro ata o mes de maio.

Xove terá o parque deportivo e de ocio máis completo de Galicia

Xove podería contar a principios do ano que vén co parque deportivo e de ocio infantil máis completo de Galicia. Así o indicaron dende o Concello e informaron que "si se cumpren as previsións, a principios do próximo ano comezará a construción". O futuro parque situarase nunha parcela que antiguamente estaba destinada a usos agrícolas e o proxecto arrancará no 2023 cun orzamento que superará os 820.000 euros. Este parque estará situado na contorna da avenida da Deputación e a que actualmente é unha zona forestal e pradaria. Serán 9.014 metros cadrados divididos en 2.205 de zona verde, 1.378 de accesos como sendas e beirarrúas, 1.462 de zonas

vias e aparcadoiros, e 3.969 metros cadrados de zonas lúdicas como os circuítos de skatepark, pumptrack ou calistenia.

O espazo contará cunha zona de aparcadoiro con estacionamento dotada de todos os servizos precisos para autocaravanas, un skatepark con forma de bowl aberto enfocado ao uso de patíns, scooters, skate e bmx e con zona de street; e un pumptrack enfocado tanto as bicicletas como a skates, patíns e scooters cun nivel experto pero accesible a todos.

Tamén haberá un circuítot de iniciación cun pequeno pumptrack para os máis novatos e nenos, un circuítot de descenso con divertidos obstácu-

los de madeira, ramplas, pasarelas, etc. Un circuítot de calistenia con 10 estacións de adestramentos diferentes e todos os elementos esenciais como as barras de dominadas.

Haberá tamén unha zona de lavado e reparación de bicicletas ou patíns na contorna da edificación, unha ampla zona verde e camiños de comunicación entre as diferentes zonas con árbores autóctonas e zonas de lecer con mesas.

Ademais inclúe a construción duns aseos feminino, masculino e para persoas con discapacidade, así como zona de almacén ou para aloxar os servizos e instalacións precisas para o desenvolvemento de todas as actividades do conxunto do parque.



Restaurado o lavadoiro de Rego de María Canoura en Morás

Restaurado o lavadoiro de Rego de María Canoura en Morás co obxecto de dar servizo ao núcleo rural de Aldea de Abaixo na parroquia homónima, e integralo no seu entorno, aproveitando para a substitución das planchas de fibrocemento con amianto, existentes na actual cuberta.

A obra comezou cunha serie de demolicións das partes máis deterioradas, continuou coa colocación de tuberías de drenaxe e un colector de saneamentos pluviais, e para rematar realizouse o paredado dos 4 pilares con pedra graquítica, construíronse muros perimetrais e outros elementos con mampostería de pedra granítica, cubríndose o conxunto cunha cuberta a catro augas, con vigas, pontóns de taboleiro de abeto laminado, cuberto o conxunto con pizarra e cumbreira de tella cerámica. En fin, todo o conxunto foi construído con materiais que se integran perfectamente no entorno.

Con esta obra o Concello de Xove continúa coa recuperación dos lavadoiros e das vellas fontes parroquias, poñéndoas novamente en valor, recuperando ao mesmo tempo o entorno, todo para facilitar o seu uso por parte dos veciños. Os lavadoiros e as fontes, dos que no noso Concello inda se atopan un bó número, son elementos importantes da nosa arquitectura tradicional, daí que sexa importante a súa recuperación e posta en valor por parte das administracións públicas, neste caso o noso Concello.

Esta obra foille adjudicada á empresa Construcciones y Canalizaciones Joser Saa S.L. na cantidade de 30.110,28 euros. A mesma englobouse dentro dos Fondos de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia, contando cunha subvención de 15.569,60 euros da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia 1ª da Xunta de Galicia. A restante financiación corre a cargo do Concello.

EN BREVE

XOGUETES. A asociación Martelos Costa Norte iniciou o pasado 21 de novembro unha campaña solidaria en colaboración coa Nico Contra el Cáncer Infantil e Red Motos Solidarios. Con esta acción recollen xoguetes, ata o 27 de decembro, para que este Nadal ningún neno quede sen el. Os interesados en participar poden facer as súas entregas chamando ao teléfono 649 069 747.

RIGUEIRA. Os veciños da Rigueira inauguraron o domingo 11 de decembro o seu tradicional Belén ás 10.00 horas. Este nacemento poderá visitarse os sábados, domingos e festivos de 16.00 a 20.00 horas e noiteboa e fin de ano de 16.00 a 18.00 horas ata o 8 de xaneiro. Para poder visitalo fóra deste horario haberá que poñerse en contacto con Pablo 687 627 564, Lisardo 627 912 401 ou Isabel no 647 224 463.

EMPRENDEMENTO. O vindeiro venres 16 de decembro celébrase en Xove a IV Gala do emprendemento local. A gala abrírase coa presentación do alcalde José Demetrio Salgueiro Rapa e nela intervirán Rosa Lage Canoura da AEDL, Ignacio Rodríguez Basanta de Evox Vertical, e Andrea González Río, de Topic Gaia. Non é necesario reservar entrada pois o acto é libre e de balde.

ACIAM XOVE. Aciam Xove abriu o prazo para apuntarse a unha cea-baile o venres 16 de decembro ás 22.30 horas, no pavillón municipal. O prezo desta cea-baile é de 60 euros por persoa e os tickets poden adquirirse, ata o día 15, na Panadería Maral, Gasoliñeira Transportes Paraíso, Noceda e Pulpería Mario.

Amplo programa de actividades para o Nadal



O alcalde Demetrio Salgueiro e a concelleira de cultura Dolores Meitín presentaron o programa de actividades programados polo Concello para este Nadal 22-23.

Dentro do Programa tamén se inclúen actividades organizadas pola ACIAM Xove como a pista de xeo e pola ANPA a semana lecer branco. Así, a programación dará comezo o día 16 coa IV Gala do emprendemento local que será ás 20.30 horas no salón de actos do centro cívico, e seguirá o xoves 22 ás 18.00 horas coa búsqueda do tesouro de Papá Noel no pavillón de deportes. Xa ao día seguinte, o venres 23, será a festa infantil coa visita de Papá Noel e a chocolatada ás 18.00 horas no pavillón.

O luns 26 será a quenda do espectáculo infantil e familiar A viaxe do señor López ás 19.00 horas no centro cívico, e o martes 27 ás 12.00 horas farase un recoñecemento ao equipo de voluntariado que participou no programa Mañás Activas e pola tarde será o concerto de Nadal a cargo da Escola de Música e coa participación da Orquestra Clásica de Xove.

Xa o mércores 28 o mago Javier Muro achegará a súa maxia ao centro cívico ás 19.00 horas, e o xoves 29 haberá un show musical infantil no salón de actos.

O venres 30 ás 21.30 dará comezo o X Concurso de Karaoke ao que haberá que inscribirse para participar antes do 29 na oficina do técnico de cultura, e o sábado 31 os pequenos poderán despedir o ano cunha festa infantil ás 11.00 horas no pavillón.

Xa en xaneiro Escolma de Meus dará un concerto no centro cívico o día 2, e os Acordeonistas da Mariña o 3, seguido da celebración do Día da Infancia o mércores 4 con xogos acuáticos na piscina e inchables. Por último a Cabalgata de Reis será ás 19.00 horas do 5 de xaneiro polas rúas do Concello. Ademais os Reis Magos visitarán a Residencia San Bartolo e estarán no centro cívico para falar e sacarse fotos cos cativos. Xa pola tarde a discoteca móbil Decibelio's poñerá o punto e final á programación.

Ademais, a semana Lecer Braco será do 26 ao 30 de decembro en horario de 9.30 a 13.30 horas.

Estanse a ultimar as obras da nova senda peonil de Xove

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade rematará nos vindeiros días unha senda peonil na estrada autonómica LU-862 en Xove, que dará continuidade ás beirarrúas da localidade na saída cara a Cervo. As obras supoñen un investimento autonómico de máis de 48.000 euros e a senda ten unha lonxitude de 230 metros e 1,80 metros de ancho, e desenvólvese entre os puntos quilométricos 96+220 e 96+450 pola marxe dereita da vía. Estes traballos están avanzados, tan só resta completar o pavimento de formigón, no que se traballa na me-

dida en que as condicións climatolóxicas o permiten.

Previamente foi preciso demoler o pavimento existente e executar as beiravías con 25 centímetros de saburra de canteira; tamén se canalizou un tubo de drenaxe de 400 mm de diámetro e executáronse oito pozos de rexistro con sumidoiro para a recollida de augas pluviais.

Dende o Concello lembraron que este tipo de actuacións fomentan a mobilidade sostible e melloran a seguridade dos peóns, "que son os usuarios máis vulnerables nas estradas".

o valadouro

A oposición do Valadouro acusa ao Goberno local de “inflar as partidas”

A oposición do Concello do Valadouro, conformada polos concelleiros do Partido Popular, Udival e Concelleira non adscrita, veñen de comunicar a súa postura en contra dos expedientes de suplemento de crédito presentados pola Alcaldía e que foron tratados no pasado Pleno do día 3 de novembro.

“En primeiro lugar, nas reunións mantidas cos portavoces, non se nos deu unha información clara de para qué necesitaban agora tantos cartos. Por parte do alcalde xustifícase a necesidade de ampliar algunhas partidas con mentiras, como é habitual nel. Despois de dúas horas de reunión seguimos sen poder comprender as explicacións que nos dan, polo que chegamos a un principio de acordo, xa que se non fose así estaríamos alí ata a noite sen ter as contas claras”, din no seu comunicado conxunto.

“Ó día seguinte recibimos unha

convocatoria dun Pleno extraordinario e urxente para tratar estes suplementos, cando ós poucos días celebrábase o Pleno ordinario, supoñemos que sería para que non nos dera tempo a estudialos máis, porque senón non ten sentido”, engaden.

“A nosa postura no Pleno foi voto en contra destes suplementos tal e como están confeccionados, porque non nos podemos fiar de esas contas, estando sempre a favor de aumentar a partida para a suba dos funcionarios, o persoal do Concello ten que cobrar o que lle corresponde por Lei, non pode ser doutra maneira, o que non é admisible é que inflen esta partida para contar despois con máis cartos, as contas teñen que estar claras”, di a oposición.

“Igual pasa coa partida do servizo de dependencia (SAF), ó noso entender a cantidade que propoñen aumentar non é real”, engaden.

Alfoz e O Valadouro subvencionan un autobús para ir á piscina de Foz

Os concellos de Alfoz e o do Valadouro subvencionan un autobús para desprazarse ata a piscina de Foz, co fin de fomentar hábitos saudables a través dun curso de natación.

Este ten un prezo de 14 euros ao mes ou baño libre de 3.30 euros ao día e é obrigatorio saber nadar. Os usuarios terán que abonar o custo do curso pois o Concello tan só subvenciona o autobús todos os mércores laborables desde xaneiro ata xuño en horario de mañá.

As prazas son limitadas e completaranse por orde de inscrición no Rexistro Municipal, na Casa do Concello. Modelo de solicitude



dispoñible tamén na web. Para máis información haberá que chamar ao teléfono 982 558 001.

Último sábado de teatro

O salón de actos da casa da cultura do Valadouro pecha o día 17 o programa de sábados de teatro neste mes de decembro. As entradas son de balde ata cubrir aforo baixo.

Trala representación de *O Covid do*

mariñán e *O Mundo de Martina* de Bátega Teatro, o sábado 17 será a quenda de *Fráxiles de Rebuldería* a través do programa Circuito de teatro afeccionado 2022 e tamén do ciclo Táboas Cheas de Emoción.

o vicedo

O Goberno inviste 913.000 euros na renovación do alumeado

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, remarcou o compromiso do Goberno coa mellora e modernización dos servizos públicos básicos para os veciños e veciñas que viven no rural, que se exemplifica cun investimento total de 913.000 euros, a través de dous programas estatais, para a execución de 8 proxectos de renovación e dotación de alumeado público exterior en 37 zonas do Concello do Vicedo. “Estes traballos demostran o importante apoio do Goberno aos concellos pequenos da provincia para que melloren a eficiencia enerxética, contaminando menos e aforrando custes ás arcas municipais, pois o alumeado é o principal gasto de enerxía dos municipios”, sinalou a subdelegada.

Isabel Rodríguez desprazouse ata o Concello do Vicedo para supervisar, xunto ao alcalde, Jesús Novo, as actuacións que financia o Goberno neste municipio mariñán. Así, informou que o Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía “IDAE”, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, destina 560.523 euros para a instalación e renovación do alumeado. Durante a visita comprobaron o resultado das obras rematadas no exterior da Casa Consistorial e dos núcleos de O Folgueiro, Pontide, o Vilar, a praia de Abrela, Creximil, Ruño, Penela e Humeiros.

Estes traballos consistiron na instalación de 171 alumeados LED de baixo consumo e a substitución de 8 cadros, “beneficiando directamente ás



persoas que viven nestas parroquias e permitindo ao Concello reducir un 65% o consumo de enerxía”, destacou a subdelegada. Ademais, Rodríguez explicou que, con cargo ao investimento do IDAE, o concello comezará a renovar tamén o sistema de alumeado da travesía da Mariña, as zonas de Pontellas, Vilagudín, A Lama, Morgallón, Moledos, Moreiras, Triscornia, O Folgueiro, Baltar e as rúas oportas, Luciano Pérez e Rosalía de Castro.

“Dende o Goberno temos claro que a colaboración entre administracións é fundamental para que municipios pequenos, como O Vicedo, poidan desenvolver proxectos desta envergadura, pois sen as axudas destes programas non o poderían asumir”, sinalou Rodríguez.

Videoconferencia con Papá Noel

O Concello do Vicedo está a programar unha serie de actividades para este mes de decembro para que os máis pequenos podán ter tempo de ocio durante esta época festiva. Así, o martes 13 ás 10.30 horas os nenos do Vicedo visitarán a aula Cemité para facer unha videoconferencia con Papá Noel. E xa o domingo 18 ás 17.00 horas na casa da cultura haberá un concerto do grupo Os do 21, no que se poderá desfrutar da súa música tradicional do grupo local.

O Vicedo xa é un dos ‘Pueblos Mágicos de España’

O Concello do Vicedo vén de recibir unha carta na que se lle comunica a súa inclusión na rede de Pueblos Mágicos de España, que axuda a impulsar o potencial e os recursos locais dos municipios.

O Vicedo é o segundo Concello da provincia de Lugo, tras Portomarín o ano pasado, en recibir este título. En Galicia están incluídos tamén Cambados, Combarro, Ribadavia, A Veiga, O Irixo, Larouco e Pobra de Trives. A Iniciativa Pueblos Mágicos pretende axudar aos municipios para poñer en valor os seus recursos locais impulsando o Desenvolvemento Turístico Local.

Analiza cada territorio en base a dez áreas de traballo que inclúen Calidade de Vida, Urbanismo, Patrimonio, Festas e Tradicións, Gastronomía e Produtos Locais, Paisaxes, Natureza e outros intanxibles que fan que uns pobos sexan únicos, sexan máxicos.

vegadeo

A Comisión de Festas prepara a tradicional cita de Nadal

A Comisión de festas de Vegadeo informou da vindeira festa que están a organizar, a tradicional cita de Nadal. Esta será o venres 23 de decembro no recinto feiral. Xa comunicaron que contarán coa orquestra Olympus e o Disco Móvil Blanco y Negro. Ademais terán aforo limitado polo que compre reservar a entrada.

Por outra banda contarán cunha Gran Gala de Kickboxing, o Eo Fighters IV. Será no polideportivo municipal.

Por outra banda, a escola municipal de saúde organiza un taller de adestramento en relaxa-

ción impartido por Dora García, enfermeira do centro de saúde mental de Luarca. Contará con catro sesións en horario de 18.00 a 19.00 horas.

MEDICAMENTOS. A escola municipal de saúde de Vegadeo organiza para o mércores 14 de decembro unha charla sobre o uso racional dos medicamentos.

Estará imparida por Manuel María Aguilar Carnerero, farmacéutico de atención primaria, e estará aberto a toda a poboación que queira asistir.

A praza Conde Santo ten unha Vila de Nadal



Na Praza do Conde Santo acaba de ser instalada unha nova Vila de Nadal, elaborada artesanalmente, que conta con máis escenas e figuras que a do ano pasado. E ademais no barrio de Gracia hai unha estampa do Polo Norte para ambientar Lourenzá nestas datas. A rexedora municipal lembra que “xa hai uns anos que puxemos en marcha esta iniciativa e cada Nadal imos aumentando o número de figuras que forman esta instalación. Decidimos apostar por unha decoración sostible que nos permite reciclar e aproveitar os restos das podas, dos troncos e das ramas das árbores que se van cortando ó longo do ano e que nos permiten facer estas creatividadeas”.

Rocío López engade: “queremos que a decoración de Nadal sexa un reclamo para turistas e visitantes

para que cada vez sexa máis xente a que se acerque ó noso concello a ver esta postal de Nadal. O ano pasado xa foron moitos os visitantes para sacar fotos con esta Vila de Nadal e estou segura de que nesta edición moita desa xente repetirá e chegarase para ver cales son as novidades deste ano. Pero sen dúbida os que máis disfrutaron deste poboado pintoresco son os máis pequenos. Por iso pensando neles este ano tamén decidimos incorporar a figura do Apalpador e ademais unha escena con animalíños da granxa”.

A alcaldesa destaca que “detrás de todo isto están días de moito traballo que non se poderían entender sen a colaboración do persoal municipal e doutra xente que de xeito desinteresado nos axuda a preparar todas as escenas.

O presidente da RAG recibe a Mesa Coordinadora don Paco



O presidente da Real Academia Galega recibiu unha representación da Mesa Coordinadora don Paco, creada para canalizar e organizar as actividades de celebración do Día das Letras Galegas 2023, dedicado a Francisco Fernández del Riego, que se promovían dende Lourenzá, o seu concello natal.

Víctor F. Freixanes entrevistouse coa presidenta da coordinadora, a alcaldesa de Lourenzá, Rocío López García; o vicepresidente e concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron; Manuel Román Ramos, biógrafo do homenaxeado; e Isabel Vilalba Seivane, membro da coordinadora en representación da Asociación Patrimonio Laurentino.

O presidente da Real Academia Galega agradeceu a visita da Mesa

Coordinadora Don Paco e avanzou que a institución, á que Del Riego pertenceu e da que chegou a ser presidente, estará o ano que vén moi presente na súa terra e amosou a disposición da RAG a colaborar en distintas iniciativas a prol da difusión da figura e do legado do intelectual. A primeira delas será o vindeiro 7 de xaneiro, cando a RAG visitará Lourenzá para participar na apertura do Ano Francisco Fernández del Riego organizada dende o seu concello. O pleno da RAG decidiu o pasado mes de xullo dedicarlle o 17 de maio de 2023 a Francisco Fernández del Riego cadrando coa celebración do sesenta aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento.

A restauración da igrexa do Mosteiro entra nunha nova fase



As obras de restauración da igrexa do Mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá entraron nunha nova fase. Agora céntranse na renovación da obsoleta instalación eléctrica do templo. Para iso levántanse coidadosamente algunhas laxas do pavimento e tras o control arqueolóxico das gabias instaláronse os tubos para ocultar así o cableado. Xa a finais do verán a lanterna da cúpula da igrexa do Mosteiro, parecía presentar problemas estruturais que provocaran o desprendemento de anacos de pedra da súa cornixa interior. Polo que tras un proceso de análise das patoloxías, os técnicos de Parteluz Estudio confirmaron que a estrutura era totalmente estable e que presenta soamente problemas de disgregación de pedra asociados a unhas grampas de ferro colocadas durante a súa construción que se atopaban oxidadas.

Xa hai nominados aos premios de Teatro

O xurado do IV Certame de Teatro deu a coñecer os nominados aos premios das distintas categorías. Os elixidos para o Conde Santo á mellor representación (dotado con 750 euros e trofeo) son Catre Teatro, das Pontes, coa obra *Fátum*; Ollomao, de Barreiros, coa obra *O documento*; e Os Palimoquiños, de Lugo, coa obra *E se todo se reducise ao amor*.

Para o premio Lourenzo ao mellor actor están Dani García, de Ollomao, de Barreiros; Xacobe Martínez, de Os Palimoquiños, de Lugo; e Xulio Leal, de Avelaíña, de Pontevedra

Para o premio Ana á mellor actriz: Carolina Díguele, de Catre Teatro, das Pontes; Luisa Oroza, de Adala Teatro, de Fazouro; e Miriam Bouso, de Ollomao. Compiten pola mellor posta en escena Catre Teatro, das Pontes, por *Fátum*; Ollomao, de Barreiros, por *O documento*; e Os Palimoquiños, de Lugo, por *E se todo se reducise ao amor*.

Para o premio ao mellor actor de

reparto están Juan Rodríguez, de Ollomao; José Miguel Lamigueiro, de Catre Teatro, das Pontes; e Ramón Ángel Ares, de Ollomao. Como mellor actriz de reparto están Noelia López, de Ollomao, de Barreiros; 3 Nornas (María José Alonso, Dolores Alonso e Carolina Díguele), de Catre Teatro, das Pontes; e Olga Chamoso, de Quemaistén Teatro, das Pontes.

Para o premio especial do público as tres representacións máis votadas polo público son as de Adala Teatro, de Fazouro, por *Vivan os noivos*; O Centiño, de San Martiño, por *A morte morrida*; e Ollomao, de Barreiros, por *O documento*.

A entrega de premios terá lugar na gala que se celebrará o próximo 17 de decembro ás 20 horas no Multiusos Ponte de Cuñas. Neste evento representarase a obra *Poeta en Nova York*, de Teatro Baixo da Area, para o que o Concello de Lourenzá conta coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo.

O Concello aclara que a poda das árbores faise correctamente

Recentemente o Concello de Lourenzá recibiu un escrito da Asociación Patrimonio Laurentino interesándose pola poda das árbores do Cantón e pola invasión de pombas e gaivotas que está a sufrir a igrexa e o mosteiro, ademais dalgunha das vivendas do seu entorno. O Concello quere responder publicamente a esta asociación “para evitar xerar ningún tipo de alarma entre a veciñanza” e aclara que a poda das árbores do Cantón estase levando a cabo polo Obradoiro de Emprego Serra da Cadeira VII, que está dirixido por un enxeñeiro técnico forestal e supervisado por un monitor coa mesma titulación. A requirimento do Concello elaboraron un informe sobre esta actuación de poda levada a cabo durante o mes de novembro. A elección deste momento aclaran que se fixo seguindo criterios sanitarios, silvícolas, urbanísticos e de limpeza urbana”.

Polo que respecta a invasión de pombas o Concello de Lourenzá “é



consciente e sabedor deste problema, que seguramente sexa secular. O Concello leva investido moito diñeiro público en lexislaturas pasadas sen acadar os obxectivos previstos para erradicar esta praga de pombas. Consultáronse varios expertos en pragas deste tipo e de momento non se atopou ningún método eficaz que non sexan os antes empregados, que resultaron inútiles; por suposto tendo sempre en conta a lexislación vixente sobre a materia tanto estatal como autonómica. O problema non debe ser fácil de solucionar vendo como é algo habitual en todas as vilas e cidades do país”.

EN BREVE

CONCURSO NADAL. O Concello de Lourenzá convoca o concurso de postais Nadal 2022, dirixido aos escolares de Infantil e Primaria do concello. O tema do concurso é O Nadal de Don Paco. A técnica será libre e as obras deberán presentarse nunha cartolina A4. O prazo de entrega dos traballos remata o 16 de decembro. Establécese un primeiro premio, dotado con 75 euros e trofeo; e tres accésits, dotados con 25 euros e diploma. A postal gañadora será empregada polo Concello como felicitación de Nadal. As bases completas serán repartidas no CEIP Juan Rey e tamén se poden consultar na Biblioteca Municipal.

CURSO DE PINTURA. A Asociación de veciños de San Adriano organiza para o vindeiro luns 19 de decembro un curso de pintura e manualidades. Este taller será ás 18.00 horas na casa da asociación de veciños de San Adriano e está dirixido a todos os públicos. Para máis información ou facer as inscricións haberá que poñerse en contacto coa asociación de veciños.

MAR

A Autoridade Portuaria colaborará con Expomar

A finalidade desta xuntanza, na que tamén participaron o xerente da Fundación Expomar, José Manuel González Brais, e Pablo Fernández Asensio, membro do consello de administración da Autoridade Portuaria, foi abrir unha liña de colaboración entre ambas entidades para reforzar os seus vínculos coa feira Expomar.

Ademais de axudar na difusión e promoción das diferentes actividades que a Fundación Expomar leva a cabo durante todo ano, a Autoridade Portuaria de Ferrol San Cibrao confirmou a súa presenza na próxima edición da feira náutico Pesqueira Expomar cun stand de 50 metros cadrados no evento que se celebrará en Burela do 10 ao 13 de maio de 2023.

Os representantes da Fundación Expomar amosáronse moi satisfeitos de sumar este novo apoio de cara a unha nova edición da feira, a primeira despois da pandemia e que por primeira vez terá lugar de mércores a sábado. Debido á alta demanda de expositores, a superficie de exposición da feira ampliárase en máis de 1.200 metros cadrados con respecto á última edición, superando os 5.000 metros entre o interior da nave de redes e unha

carpa anexa no porto de Burela. A Fundación Expomar continuará mantendo novas reunións con outros organismos do mundo da pesca para promocionar e reforzar os seus vínculos coa feira Expomar, de cara a unha 19ª edición que agardan sexa a máis completa da súa historia.

CONSELLERÍA DO MAR. A Consellería do Mar renova a súa aposta pola Feira Expomar de Burela. Os titulares da consellería do Mar renovaron a súa total aposta polo evento, no que seguirán mantendo o espazo principal do recinto cun stand de 110 metros cadrados. Asimesmo a Xunta axudará na promoción e publicidade da feira 2023, da que se farán diferentes presentacións en Galicia nas semanas previas á cita. A consellería tamén se comprometeu a colaborar coa degustación de produtos pesqueiros nun acto especial de presentación que terá lugar en Madrid no mes de xaneiro.

Os representantes de Expomar saíron da xuntanza plenamente satisfeitos de cara a unha nova edición da feira, a primeira despois da pandemia e que por primeira vez terá lugar de mércores a sábado.

A lonxa de Burela acolleu a máis de 80 escolares na Peque-peixe

A lonxa de Burela acolleu unha nova xornada de Peque-peixe, un proxecto que ten como obxectivo formar aos nenos na terminoloxía mariñeira e pesqueira en galego e está organizada pola Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela en colaboración con Armadores de Burela.

No acto participaron 83 nenos e nenas de 8 e 9 anos de 3º e 4º de Educación Primaria de tres colexios públicos da comarca: CEIP Virxe do Carme de Burela, CEIP Península da Paz de San Cibrao e CEIP Fondo Nois.

A xornada comezou cunha visita á lonxa ABSA de Burela, onde os pequenos aprenderon a diferenciar as principais especies pesqueiras e as etiquetas do peixe fresco.

Xa no salón de actos de ABSA, coa presenza do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, Antonio Basanta, os alumnos descubriron curiosidades sobre “A lingua do mar”, coñecendo algúns termos propios



da linguaxe mariñeira e diferentes nomes de peixes.

A empresa galega Sinerxia presentou e entregou aos nenos as unidades didácticas ‘Peque Peixe’ elaboradas para a idade de 8-9 anos sobre “O medio mariño e os seus habitantes”, nas que se dan a coñecer aspectos como as profesións mariñeiras, as artes de pesca, a bioloxía do mar ou os tipos de peixes.

A xornada terminou cunha sesión de “Xogando na lonxa”, na que os pe-

quenos tomaron a lonxa de Burela para realizar diferentes xogos. A clase de 4ºA do colexio Virxe do Carme levou un lote de libros sobre o mar, a pesca e os seus habitantes para a biblioteca do centro educativo.

Esta xornada didáctica enmárcase nas accións de promoción da OPP-7 incluídas no seu plan de produción e comercialización anual, e conta co cofinanciamento da Xunta de Galicia e o Fondo Europeo e Marítimo de Pesca.

As 6 confrarías mariñás revalidan no cargo aos seus patróns maiores

Un total de 48 patroas e patróns maiores das confrarías galegas renovaron o seu cargo tralas terceiras eleccións unificadas nestas entidades, nas que o pasado 29 de outubro 62 delas votaron de xeito simultáneo para elixir aos seus representantes para os vindeiros catro anos. Mentres, nas 14 restantes cambia a persoa que vai encabezar a súa xestión na vindeira lexislatura.

Foron proclamados definitivamente os novos responsables desas 62 confrarías e o seguinte paso é a súa toma de posesión, que se producirá mañá. A duración do mandato tanto da patroa ou patrón maior como do resto de órganos da confraría -xunta xeral e cabido- será de catro anos, podendo ser reelixidos por períodos de igual duración.

Unha vez tomen posesión as novas patroas e patróns maiores avánzase co proceso electoral unificado co obxectivo de renovar completamente os órganos reitores das confrarías de pescadores da comunidade e das súas federacións.

A resolución pola que se convocaron estas terceiras eleccións unificadas ás confrarías de pescadores de Ga-



licia -publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado 5 de setembro- establece que os comicios se desenvolven en tres fases. En primeiro lugar realízanse as eleccións nas distintas confrarías de Galicia -fase que queda xa superada-, despois celébranse as votacións nas tres federacións provinciais -A Coruña, Lugo e Pontevedra- e finalmente elixírase ao presidente da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

Así, repiten como patrón maior Diego Pernas Lamelas no Vicedo, Javier Martínez Otero en Ribadeo, José Basilio Otero Rodríguez en Burela, Javier Sánchez Fernández en San Cibrao, Domingo Rey Seijas en Celeiro e José Juan Lestegas Iglesias en Foz.

PORTO DE CELEIRO. Remataron as obras de mellora da nave de redes de arrastre do porto de Celeiro, no municipio lugués de Viveiro. A presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitaron nos últimos días o inmovible no que o Goberno galego investiu 50.000 euros.


Os labores executados consistiron no peche do edificio polos dous frontais para mellorar as condicións de traballo dos seus usuarios, tal como solicitara a confraría de pescadores de Celeiro. A actuación incluíu o peche frontal da cara sur a través de dúas portas corredeiras e tamén toda a fachada norte.

Faino por amor, é a última campaña de Merluza de Burela

A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela elixiu Castela e León para o lanzamento desta campaña ao tratarse dun mercado de proximidade para as súas marcas. Alí sae á rúa a última campaña de Merluza D& Burela co propósito de namorar aos consumidores co seu novo enfoque: “A quen amas de verdade, queres darlle o bo de verdade”.

Por iso durante as últimas semanas as principais cidades desta comunidade autónoma enchéronse de mensaxes apetitosas e saudables como “Faino por amor” ou “Aliméntaos con amor”, xa que o público obxectivo da campaña son as familias con nenos. Así se reforzan as súas mensaxes clásicas de calidade do produto, saúde da dieta atlántica e sustentabilidade pola súa arte de pesca con anzol peza a peza.

E ademais faio utilizando medios ecolóxicos no seu lanzamento, xa que sae “literalmente” á rúa sobre



bicicletas con mupis que percorren as principais rúas, prazas e zonas de lecer familiares de Castela e León con mensaxes directas e visuais dirixidas aos adultos, pero centradas na dieta dos máis pequenos da casa. “Trátase de achegar a marca Merluza D& Burela ás nais e pais para que, ademais do sabor e a saúde, descubran a importancia de facer as cousas dunha forma sostible”, defenden desde a OPP-7.

DEPUTACIÓN

A Deputación formou en 2022 a 760 empregados públicos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto ás deputadas de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Ana González Abelleira, entregou os diplomas aos empregados e empregadas públicos da propia institución e dos concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua ofrecido neste 2022 pola entidade provincial. Este ano, a Deputación organizou 19 accións, nas que participaron 760 persoas. “Trátase de algo positivo a nivel individual, para a carreira profesional dos traballadores, pero tamén a nivel colectivo, porque, coa melloira constante de coñecementos, estamos contribuíndo a mellorar o funcionamento das administracións”, sinalou o presidente.

José Tomé subliñou que o Plan Agrupado busca precisamente “avanzar cara unha administración máis moderna e eficaz, con capacidade para



utilizar con proveito as ferramentas de traballo dispoñibles en cada momento e prestar así un mellor servizo á cidadanía, que debe ser a nosa máxima aspiración como servidores e servidoras públicos”.

Neste sentido, lembrou que os traballadores e traballadoras da Administración local xogan un papel fundamental porque están na primeira liña de consulta á que acoden os veciños e veciñas para pedir infor-

mación, facer trámites ou resolver dúbidas. “Formamos parte da Administración máis próxima á cidadanía, da primeira porta á que chaman cando teñen un problema”. Por iso, engadiu, “debemos seguir traballando xuntos, dotándonos das mellores ferramentas, de recursos e de formación como a que proporciona o Plan Agrupado para ser, cada día, máis útiles ós novos conveciños, porque así tamén lle irá mellor ós concellos”

Proposta para modificar os orzamentos galegos

O Pleno acordou reclamarlle á Xunta de Galicia que modifique os orzamentos 2023 para solucionar os incumprimentos pendentes coas infraestruturas e o reforzo dos servizos públicos da provincia de Lugo, a raíz dunha moción presentada polo PSdeG que foi aprobada cos votos a favor dos socialistas e nacionalistas e en contra dos populares. Así mesmo, dende a Deputación pídeselle ao Goberno galego que inclúa tamén un Plan de Reindustrialización que faga fronte á perda de emprego industrial, nomeadamente na comarca da Mariña e que habilite medidas de axuda especiais para a flota lucense afectada pola política de peche de caladoiros á pesca de fondos da Unión Europea. Ademais, tamén se lle reclama á Xunta que amose, a través dos seus presupostos, o apoio ao sector primario, nomeadamente aos gandeiros e agricultores.

A voceira socialista do Goberno

deixou patente a “insatisfacción da provincia de Lugo” con estes orzamentos porque “non atende ás demandas reais da veciñanza”. Na defensa “Dende a Deputación de Lugo non vamos deixar de reclamarlle as medidas necesarias para a provincia do Estado e de Galicia para o avance da nosa provincia e seguiremos reivindicando os incumprimentos pendentes en novas infraestruturas e máis e mellores servizos públicos no noso territorio”, perseverou a Deputada. “Fóra das infraestruturas electoralistas, só vemos que hai menos mestres nas escolas, menos médicos, menos prazas nas residencias públicas, menos industrias, menos rural e menos Galicia, Galicia, Galicia, como anunciaban nos lemas electorais”, manifestou.

García Porto tamén puxo o foco no aumento dos orzamentos deste ano que se deben ás transferencias do Estado.



Ponse en marcha o Plan Invernal nas estradas

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, e voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, presentou na Fonsagrada o Plan de Vialidade Invernal despregado polo organismo provincial para a temporada 2022-2023. Xunto cos recursos, a institución ten contratadas 8 empresas para labores de conservación e mantemento co fin de facerlle fronte coa maior eficacia e rapidez posibles ás incidencias que poidan provocar as inclemencias meteorolóxicas nos 4.217 quilómetros de estradas provinciais.

O dispositivo está composto por 112 operarios e 48 máquinas, ademais de 12 silos que a institución provincial ten distribuídos por toda a provincia e que dispoñen dun total de 420 toneladas de sal de mina.

García Porto destacou que contar cun protocolo destas características é fundamental para atender as incidencias que se poidan producir na rede viaria provincial, a máis extensa dunha Deputación en España, e garantir así a seguridade e comodidade dos usuarios e usuarias fronte a episodios de meteoroloxía adversa.

O Plan de Vialidade Invernal da Deputación divídese en 8 zonas, todas dotadas con medios suficientes para facer fronte coas maiores garantías posibles ás emerxencias que poidan xurdir. Dos 4.217 quilómetros de estradas, a metade están situados a máis de 600 metros de altitude sobre o nivel do mar, co que iso supón de maior incidencia das inclemencias meteorolóxicas.

O Pleno urxe á Xunta que reforce a atención pediátrica na provincia

A Deputación de Lugo úrxelle á Xunta de Galicia un plan de choque que reforce a atención pediátrica na provincia de Lugo, tanto con profesionais como con medios. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no pleno ordinario do mes de novembro que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, nacionalistas e coa abstención do PP.

A institución tamén reclama que o Goberno galego remate coa política de recortes de persoal e adopte as medidas necesarias para repoiñar coa maior brevidade posible os cadros de persoal nos servizos de medicina de familia, pediatría e persoal sanitario; e que atenda as reclamacións dos doentes e as organizacións profesionais á hora de deseñar o modelo de atención de urxencias pediátricas, para evitar que a falla de atención nos centros de saúde se traduza logo no colapso dos centros hospitalarios.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, foi firme á hora de defender o dereito dos nenos e nenas da provincia a unha atención digna e de calidade. Puxo o foco

na chegada da gripe e da incidencia das enfermidades respiratorias infantís propias do inverno como a bronquiolite, que fixeron colapsar o sistema. “O pasado día 15 de novembro o delegado do sindicato de enfermaría SATSE, Manolo Veiga, denunciaba o colapso dos servizos das urxencias pediátricas do HULA, así como en varios centros de saúde da provincia”, denunciou. A respecto diso, indicou, “a Xunta fixo caso fixo caso omiso destas declaracións, mesmo retou importancia ás patoloxías que levaron a hospitalizar a 25 nenos en poucas semanas; e tampouco lle prestou atención á manifestación celebrada o domingo día 20 en Viveiro onde familias e nenos saíron á rúa cargados de peluches e vestindo babeiros con lemas reivindicativos para denunciar a falla de atención pediátrica para os 1.600 menores de Viveiro, O Vicedo e Ouro”.

“Estamos ante un Goberno autonómico que non cre na sanidade pública e aposta por un modelo centralizado que camiña cara unhas urxencias cun sistema saturado ou cara a sanidade privada”, dixo.

Abre o prazo para solicitar praza no programa Lugo Termal

A Deputación abriu o prazo para solicitar algunha das 1.025 prazas do programa Lugo Termal. Este ano, o incremento do coste por praza derivado da inflación o asume integramente a institución provincial, que aporta practicamente o dobre que nas pasadas edicións. O que suporá o mesmo desembolso para as persoas solicitantes: 189,5€ na modalidade con estancia e 200€ na modalidade sen estancia.

As persoas interesadas deberán cumprir cos requisitos de ter máis de 50 anos, estar empadroadado ou empadroadada nalgún dos 67 concellos da provincia, valerse por si mesma, non padecer alteracións do comportamento que afecten á convivencia e carecer de contraindicacións médicas. Poderán presentar a documentación, a través do Rexistro Xeral – a cita previa pode solicitarse a través do teléfono 982 260 030- ou tamén, na páxina web da sede electrónica da Deputación de Lugo, sede.deputacionlugo.org.

A modalidade con estancia contempla seis días e cinco noites en pensión completa e con carácter xeral haberá 15 técnicas termais, agás que por razóns médicas xustificadas se desaconsellen, e haberá un recoñecemento médico previo á aplicación das técnicas termais.

DEPORTES

Aberto o prazo de inscrición na XXXII San Silvestre de Ribadeo

O 21 de novembro abriuse o prazo de inscrición na XXXII San Silvestre de Ribadeo. O concelleiro de Deportes, Jorge Díaz, manifestou: “os premios seguen sendo da mesma cantidade e do mesmo xeito que na anterior. O prazo de inscrición remata o 26 de decembro”.

O edil ribadense lembrou que “esta nova edición vén precedida da anterior, que estivo marcada polo Covid e parte desa carreira se fixo con máscara, pero logrouse levar a cabo esa edición”.

Díaz Freije agarda que sexan moitas as persoas as que se animen a inscribirse e a correr a San Silvestre 2022: “esperemos que este ano sexan moitos inscritos, que veñan a Ribadeo despedirse deste ano 2022 e que dean a entrada ao 2023. Quero desexarlles a todos os participantes un bo ano e saúde”.

Volve unha nova edición da Run Foz Run de Nadal

Volve unha nova edición da Run Foz Run de Nadal que este ano chega a súa sexta edición e se celebrará o vindeiro 24 de decembro.

A carreira terá lugar a partir das 10.30 horas sobre un circuíto de 200 metros para Pícaros, 600 metros para Benxamíns, 1.000 metros para Alevíns, 1.800 metros Infantís e Cadetes, 5.000 metros para a competición Absoluta e 6 quilómetros para a andaina. A saída e meta farase dende a praza Rosalía de Castro e a competición transcorrerá por un circuíto urbano cun perfil moi suave propicio para unha carreira rápida.

A inscrición estará limitada a 300 corredores para a carreira Absoluta, 100 corredores para a carreira Pícaros, 50 corredores para a carreira Benxamíns, 50 corredores para a carreira Alevín, 50 corredores para a carreira Infantil e Cadete.

As inscricións en liña poderán realizarse ata o mércores 21 de decembro ás 23.59 horas e o prezo variará en función do tramo seleccionado dende gratis para menores antes do 30 de novembro ata 10 euros para carreira absoluta.

Haberá premios e un sorteo de dúas cestas de Nadal ao finalizar a proba. Poderán adquirirse as rifas para o sorteo por 2 euros.

Os dorsais poderán ser retirados presencialmente na carpa da organización na praza Rosalía de Castro o día 23 de decembro.

O club Burela FS recolleu o recoñecemento Meninas 2022

Varios membros do CD Burela FS asistiron ao Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela para asistir ao acto de recoñecementos Meninas 2022.

A Delegación do Goberno en Galicia concedeu os recoñecementos Meninas 2022 aos equipos Viogen de Galicia da Garda Civil, á Marcha Mundial das Mulleres, á Asociación de Profesionais dos Centros de Información á Muller-ASOCIM, ao Comando Igualdade do IES Alexandre Bóveda de Vigo e ao CD Burela Fútbol Sala. O xurado destes recoñecementos, presidido polo delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, fallou a quinta edición destes recoñecementos en Galicia con motivo da celebración do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Os recoñecementos Meninas foron instituídos polo Goberno de España co obxecto de poñer en valor a persoas e institucións que incorporaron estratexias, iniciativas ou proxectos para combater a violencia sobre as mulleres e promover a igualdade.



No caso do CD Burela FS, o xurado reconece o paso adiante que supuxo a firma, en 2018 e no seno desta entidade, o primeiro convenio colectivo para mulleres deportistas, con cláusulas específicas de conciliación e promoción profesional. Unha decisión histórica que tomou en solitario o club lucense e que constitúe un exemplo de como aplicar de forma efectiva a igualdade entre homes e mulleres no deporte. Nestes anos, o equipo feminino realiza accións de sensibilización e concienciación contra a violencia sobre a muller, por exem-

plo, dedicando partidos á loita pola igualdade efectiva de mulleres e homes y enviando mensaxes de sensibilización contra esta lacra. Recolleron o galardón o presidente do club CD Burela FS, Manuel Blanco Fanego, e unha das capitanas e porteira do equipo senior feminino, Joziane de Oliveira.

“Dende o CD Burela FS estamos moi orgullosos e orgullosas deste recoñecemento e seguiremos loitando pola igualdade no deporte e realizando accións de sensibilización e concienciación contra a violencia sobre a muller”, dixeran.

O viveirense Miguel Seijo, subcampión de Mister Universo Men's Physique



O deportista viveirense Miguel Seijo volveu demostrar a súa valía no Campionato de Mister Universo que se celebrou o domingo 13 de novembro en Tarragona.

O deportista foi subcampión de Mister Universo Men's Physique, pero xunto a este importante resultado na categoría de maiores de 45 anos, Miguel Seijo foi terceiro entre o grupo de máis 40 anos e entrou no top-5 dentro dos de máis de 20 cun cuarto lugar.

Outro mariñao, Iván Souto, de Burela, acadou un merecido quinto posto no campionato.

Romina Reimondo e Alejandro Villalba gañan o +KmsBarreiros



Romina Reimondo e Alejandro Villalba proclamáronse gañadores do circuíto de carreiras populares +KmsBarreiros.

O 9 de xaneiro, coa Carreira Popular de Reis organizada polo Concello de Barreiros, daba comezo unha nova proposta da Concellería de Dinamización e Participación Veciñal que consistía en agrupar as 6 carreiras populares que se celebran no municipio dentro dun gran evento.

Continuaba o 17 de abril coa Carreira Popular das Praias organizada pola asociación cultural e deportiva Praias de Comado.

A terceira proba do circuíto, a carrei-

ra popular Benquerencia Terra-Mar, tiña lugar o 6 de agosto e estaba organizada pola asociación deportiva Augas Santas de Barreiros.

En outubro chegaba a quenda das carreiras de montaña, concretamente da 1/2km Vertical e dos Trails Monte Comado que se celebraron na fin de semana do 15 e 16. Ambas organizadas pola asociación cultural e deportiva Praias de Comado.

A sexta, e derradeira proba do circuíto, a carreira popular Ao son do Masma, tivo lugar en Celeiro de Mariñaos na se deron cita uns 200 atletas. Esta carreira estivo organizada polo colectivo cultural Ollomao.

Burela acollerá en xaneiro a Supercopa feminina de fútbol sala

As Supercopas de España, que se disputarán o próximo mes de xaneiro, xa teñen sede. Alzira acollerá a masculina o 7 e 8 de xaneiro, mentres que a feminina disputarase en Burela o 28 e 29 de xaneiro.

Barça (campión de Liga e Copa de España), Movistar Inter (mellor clasificado en Liga regular), Elpozo Murcia Costa Cálida (finalista de Copa de España) e Besoccer UMA Antequera (campión de Copa do Rei) serán os equipos que se xoguen o primeiro dos títulos no Palacio dos Deportes de Alzira. As semifinais disputaranse o 7 de xaneiro, mentres que a final será ao día seguinte.

Pola súa banda, Futsi Atlético Navalcarnero (campión de Liga), Pescados Rubén Burela (campión de Copa da Raíña), STV Roldán e Torreblanca Melilla (os dous mellores clasificados en Liga regular) disputaranse o título feminino no

pavillón Vista Alegre de Burela. Esta será a primeira Supercopa con catro equipos. As semifinais serán o 28 de xaneiro e a final o domingo 29.

COPA DA RAÍÑA. Pescados Rubén Burela, Móstoles FSF, Melilla Sport Capital Torreblanca FS, Atlético Navalcarnero, Arriva AD Alcorcón FSF, Marín Futsal, Gran Canaria FSF Teldeportivo e STV Roldán FS

Eses son os oito equipos que superaron unha emocionante terceira rolda da Copa de SM a Raíña á que chegaran ata catro conxuntos da Segunda Federación (Merkocash Salesianos Puertollano, Spring Cider Rodiles FSF, Almagro FSF e Nueces de Ronda Atlético Torcal).

Todos eles disputarán a fase final da competición, con formato de final a oito, que terá lugar do 28 ao 30 de abril do próximo ano.

“Traballamos duro e fomentamos os valores que ten o deporte”

Patricia Calvo é a presidenta do novo club de atletismo de Cervo

Patricia Calvo Beltrán é a presidenta do novo e recente club de atletismo de Cervo.

Como e por que naceu o club?

O club naceu da colaboración entre as escolas deportivas de Lourenzá e o Concello de Cervo. Levabamos un ano traballando desde o Madeiras Barcia Lourenzá cun grupo en Cervo, pero este foi crescendo e decidimos crear un propio con sede no municipio.

Quen se atopa na directiva?

Na directiva contamos con Roberto González, Juan Méndez, Jesús Baltar e Rubén García como tesoureiro e secretario respectivamente.

Como afrontan esta nova tempada?

A tempada comeza co cross escolar, que actualmente estamos a preparar cos nosos atletas, e o 11 de decembro acudiremos con varias categorías ao Campionato Galego por equipos en pista cuberta onde cada neno deberá competir nunha disciplina. De momento estamos centrados nestas probas.

Con cantos equipos contan ou queren contar?

Traballamos con todas as idades, desde benxamín ata veterano.

Cales son os requisitos para formar parte?

Querer practicar este deporte



de maneira saudable. E o noso obxectivo é fomentar o atletismo entre os nenos, pero ademais contamos un grupo de adultos aberto a futuras incorporacións.

Cando é como son os adestramentos?

Os nosos adestramentos son os martes e xoves de 16.15 a 17.15 horas.

Contan con instalacións suficientes para adestrar e competir?

Actualmente adestramos nas pistas de San Cibrao, que serán remodeladas proximamente. Mentres tanto, para a práctica de salto de altura e lonxitude estamos a convocar aos atletas a diversos adestramentos en Lourenzá, así como peso e pelota, disciplinas onde temos alí un adestrador especialista.

Teñen algunha necesidade?

Polo momento non, aínda que

gustaríanos poder adestrar axiña sobre o tartán.

Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Como dixen antes as nosas vindeiras metas son o cross escolar, o galego por equipos e, para o 2023, os campionatos galegos e provinciais ao aire libre.

Como veremos ao club dentro dalgúns anos?

Esperamos velo como estamos agora, traballando duro e tratando de fomentar e transmitir os valores do deporte. E inculcalos dende cativos. Iso é o máis importante.

Algún consello para aqueles que queiran comezar no mundo do atletismo?

Todo aquel que queira probar este deporte pode poñerse en contacto con nós no teléfono 686 586 000.

Cervo suma dous novos equipos de voleibol en sénior e xuvenil



Cervo suma dous novos equipos federados de voleibol nas categorías sénior masculina e xuvenil feminina que están integrados no Club Deportivo San Ciprián.

O rexedor, Alfonso Villares, e o edil de Deportes, David Rodríguez, participaron na presentación, no pavillón da Veiga, dos dous cadros que están conformados por 14 xogadores no caso do equipo masculino –que militará na Primeira Galega– e por 15 xogadoras no caso do feminino –que competirá na Terceira galega–. Ambos están liderados por Samuel Donker, que participou tamén no acto de presentación, xunto co equipo técnico e o presidente do Club, Eduardo Rubal.

Villares e Rodríguez quixeron darlle os parabéns ao Club Deportivo San Ciprián e a todo o corpo técnico por ampliar así a oferta deportiva

va federada do municipio, dando resposta deste xeito ao interese crecente “que vimos detectando nos últimos tempos por esta disciplina xa que este último curso máis de 70 mozos e mozas practicaron volei no seo das escolas deportivas municipais”. Coa creación destes equipos federados, os únicos da Mariña neste deporte, todos estes nenos e nenas que cada ano se forman nas Escolas, “terán a oportunidade de dar no futuro o salto á competición da man do Club Deportivo San Ciprián e continuar practicando este deporte”, engadiron.

O equipo masculino do Club Deportivo San Ciprián estreouse na competición como visitante ante o Club Voleibol Pontevedra. Pola súa banda, o cadro feminino comezou a súa liga en novembro.

CD Burela FS e SD Burela colaboran para promover o deporte

CD Burela FS e SD Burela colaboran conxuntamente para promover o Deporte Galego no ámbito escolar e xuvenil, pechando un acordo consistente en que a partir do luns 14 de novembro os nenos e nenas de entre 0 e 14 anos que formen parte dalgún equipo destes dous clubs, poderán acudir de forma gratuíta aos partidos de sendas sociedades. Para elo só terán que presentar en taquilla, previo partido, a licenza de xogador do club ao que pertencen.

Con esta colaboración os dous clubs burelaos esperan animar tanto á xuventude coma ás familias a participar activamente do deporte da comarca, e máis concretamente a motivar á poboación a colaborar en ac-



tividades que promoven tanto o deporte en si mesmo, coma a cooperación e o fomento da boa convivencia, a educación, a igualdade, a saúde e o crecemento social e cultural en xeral da veciñanza de burela.

A presentación do acordo fíxose no campo de A Marosa de Burela con Manuel Blanco e Jairo Campo, presidentes do CD Burela FS e SD Burela respectivamente.

O Troitas Bravas encabeza a táboa tras o XI Aberto da Tarta

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O varal.

A quinta xornada da LNB Norleste disputouse o sábado 26 en Mondoñedo, ca disputa do XI Aberto da Tarta e deixou moi as claras que este ano as Troitas Bravas están máis bravas que nunca e nadan cara ó título a fume de carozo. Campo de xogo en perfectas condicións e setenta e dous palanadores dando o mellor de sí en cada golpexo co palán. Foron 51 homes, 16 donas e 5 cativos.

Grata nova para todos a volta dun histórico, Milio, pois de novo colle o palán logo dun retiro forzoso. Tamen vemos por primeira vez esta tempada a Xermán nas pistas e agardamos que nos acompañe máis a miúdo.

No tocante ó xogo na xornada, so Jorge, un dos touros de Remourelle foi quen de colarse no medio das intratables Troitas Bravas que



se impuxeron os Carabullo e mais os Billardeiros Musicais con dez puntos por riba deles e consolidáanse no primeiro posto da xeral. En individuais, gañou Regueiro, e logo dun desempate, o seu compañeiro David Navallo foi segundo e Jorge terceiro. En donas foi a estrela dos Carabullo Irea quen gañou superando as

Musicais Billardeiras Aroa e Geni. En infantís, desta volta Diego gañoulle a Mateu de Madia Leva e Antía de Troitas foi terceira. Gostaron da tarta os tres primeiros clasificados e mais o equipo vencedor que recibiron de mans do seleccionador Manolo Flores. A vindeira cita será o domingo 18 de decembro en Ribadeo.

COLABORACIÓNS

A prol da educación

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Cando era unha pícara, porque cativa seica era a fame, o avó Libardo acompañoume moitas veces na mañanciña á parada onde agardaba polo autobús da escola. Alí, ao carón da caseta de Mariño, daquela que polas aldeas aínda pasaba a liña recollendo á rapazada, porque a había, non coma agora, que nin pasa nin hai moito a quen recoller. Algúns aínda quedan, esquecidos por institucións que en lugar de poñeren medios para priorizar unha viaxe cómoda e segura ás escolas, prefiren que se molesten as familias no traxecto porque é preferible facerles tres parques, por exemplo. Pero ese é outro

tema que daría para moito e prefiro hoxe contarvos outro conto, que de conto só ten o nome porque aínda se me poñen os papos colorados cando o lembro.

O avó daquela tiña xestos que a min se me tornaban decimonónicos, sacaba a pucha para falar con calquera e xa non se diga para entrar nalgures. Ata o teño visto apretar forte a gorra contra o peito en sinal de agradecemento. A lería veu porque el sempre daba os bos días cando chegaba, e eu, mediante aprendizaxe por exemplificación, pois tamén. Que aconteceu? Que ao quinto ou sexto día de que non mos respondese ninguén pois cansei, e en modo protesta un mércores cediño cheguei á parada e chea de razón non abrín a boca. Labios sellados, boca muda. O avó non daba creto, deu os bos días ao aire e seguiu coma se nada. Porque a el tampouco

acostumaban a contestarlle, malia ser o maior dos alí presentes. Eu, ademais de ser a máis pequena de todos, sentínme cada vez máis pequeniña con aquilo que sentín coma un desprezo. Marchei con aquela tropiña para a escola e todo transcurriu coa máis monótona das normalidades, eran máis grandes ca min e a meirande parte dos da miña aldea, moito máis presumidos, e ségueno a ser, porque hai cousas que non se perden se non che vén a educación, ou se non les a Pedriño e a Rañolas, cando menos. Había de todo, é certo, tamén gardo un moi bo recuerdo dalgúns deles cos que manteño contacto de pascuas en ramos. Aquel día, a miña nai mandárame baixar tamén na parada da casa dos avós, e así fixen, o avó estaba ergueito agardando por min cun sorriso, daquela aínda botabamos carreiras desde os

focos ata a casa, e aínda non me deixaba perder.

Cando quedamos sós, deume unha azouta e eu non sabía por que. Nunca xamais algo así nos pasara, e eu non entendía nada. Púxose serio e díxome, a túa boa educación que nunca dependa do resto, porque a mala palabra queda na boca de quen a di. Repites cento e un anos os bos días malia que ninguén chos conteste. Porque eso é problema deles, non teu. E así fago desde aquela, mesmo lle mando aos meus alumnos quitar as gorras na Academia, porque o avó así o quería. Gústame cando se dirixen a min sen esixencias, cando premia o por favor. Igual ca eu o empregaba para que el me tivese a tortilla sen cebola para comer na mesa.

Nun dos últimos partidos de fútbol que fun ver con L. o árbitro tratando de calmar os ánimos encen-


tidos logo dunha xogada tensa, sentenciou dirixíndose ao porteiro rival que xa estaba preto da portaría contraria: "O gardameta á portaría, por favor e grazas".

Tan pouco acostumadas a estes xestos de boa educación neste contexto, L. e máis eu mirámonos cómplices e desde aquela, por favor e grazas, cada vez que precisamos algo unha da outra. E que non se perda.

Case todas as cousas, son cuestión de educación, que ou a tes ou careces dela, e nada ten que ver con ir á escola, porque Libardo foi á escola de pago cun candil polas congostras de noite, porque de día tiña que ir labrar, e ninguén o era máis ca el. Así que como el dicía, con palabras e bos modais, ábrense portas principais.

Desmemoria

CULTURA



Rebeca Maseda

Todas e todos podemos sufrir nalgún momento das nosas vidas este mal tan estendido. Vivimos nun mundo no que as noticias teñen data de caducidade a 24 horas vista, todo acontece moi axiña e ata a maior das catástrofes debemos vivila, sufrila – ou non - e procesala nun abrir e pechar de ollos. Non vaia ser o demo que nos dea por reflexionar... Hai uns días, exactamente o 19 de novembro, cumpríanse 20 anos do afundimento do "Prestige" fronte á costa galega. Este buque petroleiro construído en Xapón, pero propiedade dunha empresa de Liberia, pero explotado por unha navieira de Grecia, pero rexistrado por unha sociedade de Estados Unidos, pero asegurado por unha compañía de Reino Unido, pero con bandeira de Bahamas, pero... Ben, agora que xa demos unha pequena volta ao mundo sen poder entender moito, volvamos ao asunto. Este barco transportaba unhas 77.000 toneladas de fuel óleo propiedade dunha compañía rusa baseada en Suíza. Si, todo moi internacional excepto

polas consecuencias da catástrofe, esas quedaron "na casaña" e deron lugar a unha marea negra de proporcións astronómicas.

Con motivo do aniversario da traxedia, algúns medios de comunicación ofreceron programación especial de interese público. Concretamente gustárame nomear dous programas que me mantiveron pegadiña á pantalla como había tempo que non me acontecía: "Salvados" de La Sexta con Gonzo e "La noche en 24 horas" de RTVE con Xabier Fortes. O primeiro deles é xa un referente xornalístico polo rigor e compromiso informativo nas súas investigacións. Como era de esperar, este programa especial organizado en dous capítulos, non defraudou nin o máis mínimo. Protagonistas de primeira man pertencentes a diferentes ámbitos – prensa, política (por suposto só uns poucos dispostos a dar a cara), cultura, etc. -, unha realización marabillosa, fotografía de alto nivel; en resumo, un traballo profesional realmente excelente. O segundo programa - liderado polo xornalista pontevedrés Xabier Fortes - contou coa presenza do tamén xornalista e escritor Manuel Rivas (A Coruña, 1957), quen se involucrou dun xeito moi activo na creación da plataforma cidadá "Nunca Máis". Ademais do traballo realizado polos

medios de comunicación, quixera mencionar outra acción contra a desmemoria que me impactou profundamente, a obra de teatro "N.E.V.E.R.M.O.R.E." da compañía "Chévere": "N.E.V.E.R.M.O.R.E. é a resposta indiscifrible que o corvo do poema de Poe dá unha e outra vez ás preguntas dun home que perdeu o que máis quería. N.E.V.E.R.M.O.R.E. podería ser un S.O.S. emitido á desesperada no código internacional de sinais marítimos. Ou o acrónimo dunha gran corporación que sabe que hai sitios con xente que se poden sacrificar para que todo siga funcionando como ata agora. Para nós N.E.V.E.R.M.O.R.E. é unha forma de acudir á memoria colectiva dun deses pobos que se poden borrar do mapa sen que pase nada. Un pobo que, así e todo, en decembro de 2002 fixo seu o berro do corvo e non se deixou convencer polas mentiras daqueles que aseguraban que todo volvería ser coma antes. Contar esta historia é tamén un conxuro para desfacer o feitizo que sigue rodeando a catástrofe do Prestige, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá da catástrofe, coma se non puidésemos habitar outro lugar que non

sexa ese. Coma se non fose posible encontrar un rinoceronte gris dentro dunha caixa negra."

Non se pode explicar mellor, simplemente dicir que me chamo Rebeca Maseda, son de Mondoñedo e intento loitar contra a miña propia

desmemoria. Tiña 15 anos cando o "Prestige" afundiou a uns 250 km da costa de Fisterra e estiven aquel 22 de xaneiro de 2003 na cadea humana entre Malpica e Laxe.

Que as cicatrices non formen parte do esquecemento.

O RECUNCHO DE CANELINA



Os Mancebo en Mondoñedo e a emigración a Bos Aires

HISTORIA DA MARIÑA



X. Isidro Fernández

Os Mancebo chegan a Mondoñedo coa chegada Andrés Mancebo como sargento primeiro do Batallón Provincial desta cidade, o cal casa con Luisa González o vinte e seis de abril de mil oitocentos dezaioito o cal era natural de San Julián de Piñeiro, Diócesis de Lugo, co cal tivo un fillo chamado Joaquín José o cal morre o cal morre o seis de Outubro de mil oitocentos vinte e dous. A súa dona Luisa González xa había morto o dez de Marzo de mil oitocentos vinte e dous. Pouco tardou Andrés en volver a casar pois o fai na parroquia de San Xurxo de Lourenza con Antonia Álvarez do Campo con data de dez de xullo de mil oitocentos vinte e dous. Con esta tivo dous fillos María Felipa o vinte e sete de Febreiro do ano mil oitocentos vinte e catro e Juan Andrés o seis de maio de mil oitocentos vinte e cinco, morrendo os dous sendo pícaros. A súa muller Antonia Álvarez morre o vinte e cinco de abril de mil oitocentos vinte e seis, facendo testamento o 22 do dito

mes ante Ramón Insua, escriban. Novamente casa por terceira vez con Antonia Bazquez veciña na Balaia dos Castros no ano mil oitocentos trinta o mesmo tempo que recoñecen tanto Andrés como Antonia a Simón e Antonio que había tido como fillos e habíanos deixado no torno da Inclusa. Despois de casados tiveron a Hermenegildo. Así podemos ver como nos libros da Inclusa se di: "Simón n.º 3001. Octubre 27 de 1822. Expuesto en el torno de esta inclusa de Mondoñedo a las nueve de la noche del día veinti y siete de octubre del año de mil ochocientos veinti y dos un niño recién nacido enbuelto en un capotillo pañal y gorreta de lienzo, atado con una punta del mismo al siguiente día se llevo a bautizar a la iglesia Parroquial de esta ciudad, lo que se hice con la solemnidad debida se le puso de nombre Simón y a cargo de María Alonso alias Griñeira hija de Francisco Barrera e Isabel del lugar de Curros parroquia de Santa María Maior y para que conste lo firmo. Manuel José Montero". "En seis de Diciembre de 1822 paso a cargo de Teresa Fernández mujer de Juan Ares de Santa Eulalia de Roman. El niño contenido en la partida que antecede cum-

plió seis años de edad en veinti y ocho ceso la paga y se quedo con su ama hasta el día diez de Junio de mil ochocientos treinta que le entregue a Antonia Bazquez moradora en la Balaia de los Castros en esta ciudad después de haberme hecho contraer ser hijo suyo natural la que prometio obligandose a cuidarle y educarle como verdadera madre ...". La partida de bautismo esta inscrita en la decada de los cincuenta. D. Antonia Vázquez morreu de "tisis" o tres de nadal de mil oitocentos cincuenta e seis na súa partida de defunción di que ten tres fillos: "D. Simón Teniente de Infantería, Antonio y Hermenegildo". Don Andrés Mancebo fina el dezanove de mil oitocentos cincuenta e oito de enfermidade natural, nun dos párrafos da súa partida de defunción di: "Dejo por hijos habidos antes de matrimonio Simón Teniente en el ejercito y Antonio y después del matrimonio a Hermenegildo". Hermenegildo Mancebo casa con Antonia Fernández en sete de novembro de mil oitocentos cincuenta e tres e tivo por fillos a Justo Cristóbal Andrés nado o seis de agosto de mil oitocentos cincuenta e catro, Pastor Juan Andrés o seis de agosto de mil oitocentos cincuenta e seis, An-

drés Felipe o trece de setembro de mil oitocentos cincuenta e oito, Andrea Justa Erundina o vinte e tres de xullo de mil oitocentos sesenta e catro, Edesio Amancio Antonio María o oito de abril de mil oitocentos sesenta e un, Desiderio Antonio María o dezasete de setembro de mil oitocentos sesenta e seis e morre o doce de marzo de mil oitocentos sesenta e oito e Antonio María de la Esperanza Lesmas que nace o trinta de Xaneiro de mil oitocentos sesenta e nove. O outro fillo de Andrés, Antonio Mancebo casa con Esperanza Soto o vinte e sete de febreiro de mil oitocentos cincuenta e catro, non tendo descendencia. Doña Antonia Rei Cao muller de Hermenegildo Mancebo morre as dez da maña do día dezasete de setembro de mil novecientos seis vivía na rúa Cándido Martínez e lle quedaron por fillos do seu matrimonio "D. Justo casado con Luisa Torres, D. Pastor soltero, D. Andrés casado con Doña Generosa Baamonde y Antonio soltero en Buenos Aires y D. Edesio también casado con Doña Remedios del Riego...". Don Hermenegildo morre o vinte e nove de novembro de mil novecientos quince. Un dos fillos D. Edesio casa na

parroquia de Santiago de Mondoñedo con Doña Remedios del Riego o vinte e dous de agosto de mil oitocentos oitenta. Tivo como fillos a Pastor Hipolito o vinte e catro de maio de mil oitocentos oitenta e nove morrendo sendo seminarista teólogo o primeiro de maio de mil novecientos oito. Justo Tiburcio o once de agosto de mil oitocentos noventa, Severo Santiago Edesio o vinte e cinco de xullo de mil oitocentos noventa e dous, José de Arimatea Patricio o dezasete de marzo de mil oitocentos noventa e oito, Porfirio Nicomedes o dezaseis de setembro de mil novecientos, morrendo este de parvulo o trinta de setembro de mil novecientos e Concepción Crisanta Evarista nada o vinte seis de outubro de mil novecientos tres. Don Edesio Mancebo morre o vinte e un de Xaneiro de mil novecientos trinta deixando como fillos "tres hijos mayores de edad llamados D. Justo, D. José y D. Concepción". Outro dos fillos de Hermenegildo, Andres, aínda en estado solteiro tivo una filla con doña Generosa Baamonde y Cavanás, pusolle de nome Julia e naceu o trece de Novembro de mil oitocentos oitenta e cinco.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amarinaxa.com

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amarinaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

DE RUTA EN RUTA

Ribadeo: intramuros

A Vila conta cun interesante roteiro urbano que se pode desfrutar moito máis nun percorrido ao anoitecer

A vila de Ribadeo conserva os restos dalgunhs tramos da antiga muralla medieval da cal existe constancia desde aproximadamente o século XIII.

Esta muralla defendeu o núcleo urbano ata tempos relativamente recentes e aínda hoxe poden encontrarse algúns restos incorporados ás construcións na rúa da muralla. Realizada en cantaría pequena, protexía boa parte da poboación e tiña na fortaleza o seu último reduto defensivo. A súa entrada principal estaba na actual Praza do Campo. No século XVI existían 6 portas: a da Auga, a da Vila, a da Pena, a de Guimarán, a de San Domingos e a de Cabanela. Esta ruta pódese comezar na Torre dos Moreno onde antigamente se ubicaba a Fortaleza, onde arrancaba a muralla e tiña un postigo a poucos pasos.

A muralla ascendía en liña recta desde Cabanela polos solares que hoxe ocupan as casas da rúa Ibáñez. Sobre esta pasaxe construíuse un camiño almenado que comunicaba a fortaleza coa aldea

de Cabanela. Ao principio da rúa cuxo nome actual é Méndez San Julián (denominada anteriormente rúa Travesa e posteriormente rúa do Correo), abríase a Porta Cabanela, chamada tamén Porta do Canónigo.

Esta rúa homenaxea a Don Antonio Raimundo Ibáñez, fundador do complexo siderúrxico de Sargadelos. Sobre as vivendas que hoxe ocupan esta rúa baixaba o muro da muralla medieval. Hoxe alternan vivendas tradicionais dos séculos XVIII e XIX con outras máis modernas. Ao final da rúa encóntranse a antiga capela e o colexio do Sagrado Corazón, fundado en 1918, promovido polo bispo Juan José Solís e encomendado ás Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul. Esta institución ocupou o pazo contiguo, do século XVIII e propiedade da familia Rego Mastache, ata 1967 cando se trasladou a outras instalacións.

A pesar da súa antigüidade, Cabanela foi durante moito tempo un "arrabal" da vila, pois quedaba fora de súa muralla. Durante séculos foi unha vila a camiño entre o rural e o mariñeiro. Despois atopábase Porcillán e a porta de Santo Domingo, chamada así pola lenda que relata que por alí pasara este santo cando se embarcou no porto de Ribadeo para emprender a cruzada contra os albigenses que dictó o Papa Inocencio II.

Despois chegarase á rúa Viejo Pancho, na que aínda quedan boas mostras da arquitectura ribadense, e homenaxea ó escritor José María Alonso Trelles y Jarén, coñecido polo pseudónimo de El

Viejo Pancho. Este é o último tramo dunha vía de orixe medieval que saía do porto de Porcillán e desembocaba na Porta da Auga, situada nas rúas Viejo Pancho e Antonio Otero.

Por último a rúa San Miguel ro-

deaba parcialmente a muralla con destino á capela de San Miguel, situada á entrada do porto. O seu trazado sinuoso e algunhas das súas casas revelan a súa antigüidade. Na metade do seu percorrido destacan as vivendas de planta

baixa, construídas xa no século XX, como unha reinterpretación da casa típica das aldeas galegas ata tempos relativamente recentes. Ao fondo, fronte ao Cuartel Vello, álzase un magnífico exemplo de hórreo tipo Mondoñedo.



DATOS



45 minutos



Opcional



Dificultade fácil

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605